

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**9994** *Real decreto 750/2010, do 4 de xuño, polo que se regulan os procedementos de homologación de vehículos de motor e os seus remolques, máquinas autopropulsadas ou remolcadas, vehículos agrícolas, así como de sistemas, partes e pezas destes vehículos.*

O artigo 1 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, establece que a circulación de vehículos exixirá que estes obteñan previamente a correspondente autorización administrativa. Tamén no dito precepto se faculta o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para establecer excepcións ao cumprimento dalgunha das condicións técnicas previstas no dito regulamento a determinados vehículos, equipamentos, recambios e accesorios.

A autorización administrativa a que se alude no Regulamento xeral de vehículos substánciase na homologación de tipo dos vehículos, as súas partes e pezas, que é outorgada pola autoridade de homologación, que en España é o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e en relación á cal hai que partir da distinción de dúas clases de procedementos principais: a homologación de tipo CE e a homologación de tipo nacional.

A homologación de tipo CE de vehículos, as súas partes e pezas, está regulada pola Directiva 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo de 2002, relativa á homologación dos vehículos de motor de dúas ou tres rodas e pola que se derroga a Directiva 92/61/CEE do Consello; pola Directiva 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, relativa á homologación dos tractores agrícolas ou forestais, dos seus remolques e da súa maquinaria intercambiábel remolcada, así como dos sistemas, compoñentes e unidades técnicas dos ditos vehículos e pola que se derroga a Directiva 74/150/CEE; e pola Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se crea unha marco para a homologación dos vehículos de motor e dos remolques, sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos.

Nas citadas directivas marco establécese o procedemento administrativo relativo á homologación de tipo de vehículos, partes e pezas incluídas no ámbito de aplicación das directivas. É importante sinalar que, ao se tratar de homologacións CE, gozan do recoñecemento recíproco entre os Estados membros do Espazo Económico Europeo (EEE).

Estas directivas foron incorporadas ao ordenamento xurídico español mediante sucesivas ordes ministeriais de actualización dos anexos do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas dos ditos vehículos.

Por outra parte, a homologación de tipo nacional está regulada no Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas para a homologación de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos. Ese real decreto aplicábase ata o momento aos vehículos non incluídos no ámbito de aplicación das directivas comunitarias anteriormente citadas e aos vehículos para os cales tales directivas non entraran en vigor.

O ámbito da homologación de tipo CE experimentou unha importante ampliación a partir da aprobación da xa mencionada Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007. Esta directiva substituíu a Directiva 70/156/CEE do Consello, do 6 de febreiro de 1970, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre a homologación dos vehículos de motor e dos seus remolques, modificada despois en varias ocasións, que obrigaba tan só á homologación de tipo CE dunha

categoría de vehículos (M1). A Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, vai máis aló e regula a homologación de tipo CE para as categorías de vehículos M, N e O.

A incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2007/46/CE, efectuada pola Orde ITC/1620/2008, do 5 de xuño, pola que se actualizan os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, puxo de manifesto a necesidade de derogar o antes citado Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas sobre homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos.

Este real decreto cumpre precisamente esta finalidade, posto que constitúe o seu obxecto a derogación do mencionado Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, e o establecemento dunha nova regulación harmonizada coas previsións das directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo de 2002; 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, e do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

Non obstante, materialmente, o importante é que nel se regulan os requisitos documentais e administrativos que se deben cumprir para diversas clases de procedementos de homologación. En primeiro lugar, para a homologación de tipo CE que se aplica aos vehículos incluídos dentro do ámbito de aplicación das directivas comunitarias.

En segundo, para a homologación de tipo nacional, que se aplica aos vehículos non incluídos dentro do ámbito de aplicación das directivas comunitarias; ben que, ademais, para os vehículos incluídos no ámbito de aplicación das ditas directivas, se poderán continuar concedendo homologacións de tipo nacionais conforme o disposto neste real decreto ata as datas límite establecidas nas directivas, a partir das cales será obrigatoria a homologación CE.

En terceiro, para a homologación individual, que é aquela que se refire non a un tipo de vehículo senón a un vehículo en particular, este real decreto, ademais de prever a documentación que se deberá presentar para solicitar unha homologación individual, establece, de acordo coa Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, que a autoridade de homologación poderá eximir un vehículo concreto do cumprimento de actos regulamentarios sempre que cumpra os requisitos alternativos establecidos no propio real decreto.

En cuarto, para a homologación de series curtas nacionais, procedemento que se emprega no caso de vehículos producidos dentro de determinados límites cuantitativos. Ao igual que no caso anterior e de acordo coa Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, prevese que a autoridade de homologación poida eximir un vehículo concreto do cumprimento de actos regulamentarios sempre que cumpra os requisitos alternativos establecidos no propio real decreto.

Finalmente, xunto aos requisitos administrativos e documentais que se deben cumprir para cada clase de homologación, o real decreto recolle os aspectos técnicos aplicables a cada categoría de vehículos para a homologación de tipo nacional, para a homologación individual e para a homologación de series curtas nacionais.

Este real decreto encontra o seu fundamento legal nos artigos 61.1 e 2 e na disposición derradeira única do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que faculta o Goberno para ditar as disposicións necesarias para desenvolver a dita lei.

De acordo co previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto foi obxecto do preceptivo trámite de audiencia ás comunidades autónomas, órganos administrativos, organismos, asociacións e sectores industriais interesados, dos cales se recibiron numerosas observacións que, na súa maioría, foron aceptadas.

Así mesmo, esta disposición foi sometida ao procedemento de información de normas regulamentarias técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE do 20 de xuño, así como o Real decreto

1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Esta disposición dítase ao abeiro do artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, que inclúe a competencia para a determinación das condicións ou prescricións técnicas dos vehículos para que sexa admitida a súa circulación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de xuño de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación dos procedementos administrativos para que os vehículos incluídos no seu ámbito de aplicación poidan recibir a homologación de tipo como condición previa á súa matriculación ou posta en circulación en España, así como dos procedementos administrativos para que as partes e pezas, se for o caso, destinadas aos ditos vehículos, matriculados ou non, e que requiran unha homologación, poidan ser comercializadas no mercado español.

Para os efectos deste real decreto, a homologación de tipo de vehículos, as súas partes e pezas entenderase como a autorización administrativa previa a que se fai referencia no artigo 1 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1988, do 23 de decembro.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

1. Homologación de tipo: o procedemento mediante o cal un Estado membro do Espazo Económico Europeo (EEE) certifica que un tipo de vehículo, sistema, compoñente ou unidade técnica independente cumpre as correspondentes disposicións administrativas e requisitos técnicos pertinentes.

2. Homologación de tipo CE: procedemento mediante o cal un Estado membro do EEE certifica que un tipo de vehículo, sistema, compoñente ou unidade técnica independente cumpre as correspondentes disposicións administrativas e requisitos técnicos das directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo de 2002, relativa á homologación dos vehículos de motor de dúas ou tres rodas e pola que se derroga a Directiva 92/61/CEE do Consello; 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, relativa á homologación dos tractores agrícolas ou forestais, dos seus remolques e da súa maquinaria intercambiable remolcada, así como dos sistemas, compoñentes e unidades técnicas dos ditos vehículos e pola que se derroga a Directiva 74/150/CEE, e a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se crea un marco para a homologación dos vehículos de motor e dos remolques, sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos, e dos actos regulamentarios enumerados nos seus anexos.

3. Homologación de tipo nacional: procedemento de homologación de tipo establecido pola lexislación nacional dun Estado membro do EEE; a validez da dita homologación queda limitada ao territorio dese Estado membro.

4. Homologación individual: procedemento polo cal se certifica que un vehículo en particular, xa sexa singular ou non, cumpre as disposicións administrativas e requisitos técnicos deste real decreto.

5. Homologación de tipo multifásica: procedemento mediante o cal se certifica que, dependendo do grao de acabado, un tipo de vehículo incompleto ou completado

cumpre as correspondentes disposicións administrativas e requisitos técnicos deste real decreto.

6. Vehículo de base: todo vehículo que se utiliza na fase inicial dun proceso de homologación de tipo multifásico.

7. Vehículo incompleto: todo vehículo que deba pasar polo menos por unha fase máis para ser completado e cumprir os requisitos técnicos pertinentes deste real decreto.

8. Vehículo completado: o vehículo, produto do procedemento de homologación de tipo multifásico, que cumpra os requisitos técnicos deste real decreto.

9. Vehículo completo: todo vehículo que non necesita ser completado para satisfacer os requisitos técnicos pertinentes deste real decreto.

10. Actos regulamentarios: entenderase unha directiva particular, un regulamento (CE) ou un regulamento CEPE/ONU anexo ao Acordo do 20 marzo de 1958, relativo á adopción de prescricións técnicas uniformes para vehículos de rodas, equipamentos e recambios que se poidan montar e/ou utilizar nestes vehículos e as condicións para o recoñecemento recíproco das homologacións concedidas sobre a base destas prescricións, ou un regulamento (RTM) anexo ao Acordo mundial de 1998 sobre o establecemento de normas técnicas mundiais aplicables aos vehículos de rodas e aos equipamentos ou recambios que se poidan montar ou utilizar nestes vehículos.

11. Requisitos alternativos: entenderanse as disposicións administrativas ou requisitos técnicos cuxa finalidade sexa garantir un nivel de protección ambiental e de seguridade viaria equivalente na máxima medida do posible ao nivel previsto nas disposicións do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos.

12. Fabricante: a persoa ou organismo responsable ante a autoridade de homologación de todos os aspectos do proceso de homologación ou de autorización e de garantir a conformidade da produción. Non é esencial que a persoa ou organismo participe directamente en todas as fases da fabricación dun vehículo, sistema, compoñente ou unidade técnica independente suxeita ao proceso de homologación.

13. Representante do fabricante: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea, debidamente designada polo fabricante para que a represente ante as autoridades competentes e para que actúe no seu nome. Cando se fai referencia ao termo «fabricante» débese entender que se indica tanto o fabricante como o seu representante.

14. Autoridade de homologación: a autoridade con competencias en todos os aspectos da homologación dun tipo de vehículo, sistema, compoñente ou unidade técnica independente ou da homologación individual dun vehículo, do proceso de autorización, da emisión e, se for o caso, retirada de certificados de homologación, así como para actuar como punto de contacto coas autoridades de homologación dos demais Estados membros do EEE, para designar os servizos técnicos e garantir que o fabricante cumpre as súas obrigas sobre conformidade da produción. De acordo co disposto no artigo 3 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, no ámbito das competencias da Administración do Estado corresponden ao actual Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as actuacións como autoridade de homologación.

15. Servizo técnico: a organización ou entidade designada pola autoridade de homologación para levar a cabo ensaios de homologación ou como entidade de avaliación da conformidade para levar a cabo a inspección inicial e outros ensaios ou inspeccións en nome da autoridade de homologación, aínda que é posible que a propia autoridade de homologación leve a cabo esas funcións.

16. Estación de inspección técnica de vehículos (ITV): as instalacións que teñen por obxecto a execución material das inspeccións técnicas que, de acordo co Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, e demais normas aplicables, se deban facer nos vehículos e nos seus compoñentes e accesorios, e que estean habilitadas polo órgano competente da comunidade autónoma do territorio onde estean radicadas.

17. Vehículos do mesmo tipo: aqueles que non presenten entre si ningunha das diferenzas sinaladas nos apéndices 1 dos anexos correspondentes deste real decreto ou nas directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo, 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio, ou 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro, cando estas lles sexan de aplicación.

18. Sistema: conxunto de dispositivos combinados para levar a cabo unha ou varias funcións específicas nun vehículo e que está suxeito aos requisitos de calquera acto regulamentario.

19. Compoñente: o dispositivo, suxeito aos requisitos dun acto regulamentario, destinado a formar parte dun vehículo, que se poderá homologar independentemente do dito vehículo cando o acto regulamentario así o dispoña explicitamente.

20. Unidade técnica independente: o dispositivo, suxeito aos requisitos dun acto regulamentario, destinado a formar parte dun vehículo e que se poderá homologar independentemente, pero só en relación cun ou con varios tipos específicos de vehículos cando o acto regulamentario así o dispoña explicitamente.

21. No caso de que se necesite recorrer a unha definición non incluída anteriormente, adoptaranse, se for o caso, as definicións contidas nas directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo, 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio, e 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro.

### Artigo 3. *Ámbito de aplicación*

1. Con carácter xeral, o disposto neste real decreto será de aplicación:

a) A todos os vehículos, sistemas, partes e pezas que se encontren incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo de 2002; Directiva 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003; e Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007; así como aos non incluídos nas ditas directivas pero que se inclúen nos anexos deste real decreto

b) A todos os vehículos de motor e os seus remolques aos cales non sexa de aplicación obrigatoria a homologación de tipo.

Así mesmo, o establecido para a homologación de tipo ou homologación individual será de aplicación aos vehículos completos, incompletos e completados, sen prexuízo do cumprimento dos actos regulamentarios que lles sexan de aplicación e que se describen neste real decreto e no anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

Non obstante, no caso de homologación de tipo dos vehículos especiais que se definen nas directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo; 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio, ou 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro, aplicaranse as exencións previstas nas ditas directivas marco nos anexos correspondentes a cada categoría de vehículo.

Por outra parte, o disposto para a homologación individual tamén se poderá aplicar á última fase dun proceso de homologación multifásico.

## CAPÍTULO II

### **Homologación de vehículos, os seus sistemas, partes e pezas**

Artigo 4. *Procedemento de obtención da homologación de tipo de vehículos, os seus sistemas, partes e pezas.*

1. Requisitos previos.

Para efectos da obtención da homologación de tipo de vehículos, os seus sistemas, partes e pezas deberanse cumprir os seguintes requisitos previos:

a) O fabricante que desexe homologar de tipo un dos vehículos, sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes a que se refire esta disposición, deberao

solicitar á autoridade de homologación, así como inscribirse no Rexistro de Fabricantes e Sinaturas Autorizadas da autoridade de homologación.

1.º Os fabricantes radicados no EEE poderán designar un representante, radicado no EEE, por cada número de homologación de tipo solicitado.

2.º Os fabricantes non radicados no EEE deberán designar un representante, radicado no EEE, por cada número de homologación de tipo solicitado.

b) Para poder asinar tarxetas de ITV dos tipos B, C e D e fichas reducidas, o fabricante deberá solicitar a súa inscrición no Rexistro de Fabricantes e Sinaturas Autorizadas da autoridade de homologación.

1.º Os fabricantes radicados no EEE deberán designar persoas físicas ou xurídicas, radicadas no EEE, que asinen estes documentos.

2.º Os fabricantes non radicados no EEE deberán designar un representante, radicado no EEE, para cada número de homologación, quen deberá designar persoas físicas ou xurídicas que asinen estes documentos.

c) A solicitude de alta no Rexistro de Fabricantes e Sinaturas Autorizadas será dirixida á autoridade de homologación. Os modelos de solicitude poderán ser descargados da sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio; así mesmo, na dita sede electrónica indicaranse os documentos que é necesario presentar para a inscrición, xa sexa como fabricante ou como representante.

## 2. Homologación de tipo nacional.

Para efectos da homologación de tipo nacional serán exixibles os seguintes requisitos:

Unha vez realizados os trámites administrativos descritos no número 1, o fabricante que desexe homologar de tipo un vehículo incluído no ámbito de aplicación deste real decreto deberá presentar ante a autoridade de homologación a documentación seguinte:

a) Ficha de características, selada polo servizo técnico de acordo co modelo que figura no apéndice 2, parte II, do anexo correspondente á categoría do vehículo.

b) Ficha de características reducida, no sucesivo ficha reducida, selada polo servizo técnico, de acordo co modelo que figura no apéndice 2, parte III, do anexo correspondente á categoría do vehículo.

c) Acta de ensaio de homologación de tipo expedida polo servizo técnico, segundo o disposto no artigo 7 deste real decreto.

d) No caso de vehículos non fabricados en España, relación de todos os locais en que se poida efectuar a selección de mostras de vehículos para a conformidade da produción prevista no artigo 9.

e) Se se cumpren os requisitos do número 1 e das letras a), b), c), d) anteriores e dos actos regulamentarios incluídos no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, a autoridade de homologación concederá a homologación de tipo en España, asignando un número de homologación conforme os anexos deste real decreto.

## 3. Homologación de series curtas nacionais.

Á homologación de series curtas nacionais seralle de aplicación o seguinte:

a) A autoridade de homologación poderá eximir da aplicación dunha ou varias disposicións ou dun ou varios actos regulamentarios incluídos no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sempre que os ditos vehículos cumpran cos requisitos alternativos determinados por este real decreto, e poderá outorgar unha homologación de tipo nacional en series curtas. Os límites cuantitativos para series curtas serán os establecidos nas directivas marco correspondentes ou, no seu defecto, os que se establecen nos apéndices aplicables deste real decreto.

A autoridade de homologación poderá homologar en series curtas nacionais os vehículos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto seguindo o procedemento establecido nel.

b) O fabricante deberá presentar ante a autoridade de homologación a documentación especificada nos números 1 e 2 deste artigo.

c) Se se cumpren os requisitos descritos nas letras a) e b), a autoridade de homologación concederá a homologación de series curtas nacionais, asignando un número de homologación de acordo co anexo VII da Directiva 2007/46/CE do 5 de setembro, para os vehículos incluídos no ámbito de aplicación da directiva, ou no apéndice 1 dos anexos correspondentes deste real decreto para o resto dos casos.

#### 4. Homologación individual.

Á homologación individual seralle de aplicación o seguinte:

O procedemento de homologación individual de vehículos, previsto no artigo 1 da Directiva 2007/46/CE, do 5 de setembro, deberá cumprir os requisitos establecidos neste real decreto e coas datas de obrigatoriedade que para cada acto regulamentario se establecen no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño. O procedemento de homologación individual será aplicable aos vehículos a que se fai referencia neste real decreto e nas directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo, 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio ou 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro. A autoridade de homologación poderá eximir un vehículo concreto, xa sexa singular ou non, do cumprimento de actos regulamentarios sempre que cumpra os requisitos alternativos determinados por este real decreto.

O interesado deberá presentar ante a autoridade de homologación a documentación seguinte:

a) Solicitude de homologación individual do vehículo.

b) Inscripción no Rexistro de Fabricantes e Sinaturas Autorizadas descrita no número 1 deste artigo. No caso de que a solicitude de homologación individual a formule o titular do vehículo ou persoa física ou xurídica que o represente, poderase omitir o cumprimento desa exixencia.

c) Ficha reducida, selada polo servizo técnico, de acordo co modelo que figura no apéndice 2, parte III, do anexo correspondente á categoría do vehículo.

d) Acta de ensaio de homologación individual expedida polo servizo técnico, onde se incluírán os requisitos establecidos nos apéndices dos anexos correspondentes deste real decreto.

e) Se se cumpren os requisitos sinalados nos puntos anteriores, a autoridade de homologación concederá a homologación individual para a unidade en cuestión asignando un número de homologación de acordo co anexo correspondente.

#### 5. Homologación CE de tipo de vehículos e dos actos regulamentarios incluídos no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

No caso da homologación CE de tipo de vehículos e dos actos regulamentarios incluídos no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, haberá que cumprir os seguintes requisitos:

a) As solicitudes serán dirixidas á autoridade de homologación e deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

1.º Documento acreditativo da identidade do solicitante.

2.º Acta dos ensaios realizados conforme as prescricións regulamentarias, que deberá ter sido expedida por un servizo técnico designado pola autoridade de homologación.

3.º Certificado do cumprimento dos requisitos da avaliación inicial establecido no número 1 do artigo 9 deste real decreto.

b) A autoridade de homologación concederá ou non a homologación, segundo proceda, e comunicará a resolución ao interesado.

c) A conformidade da produción co tipo homologado que se detalla en cada acto regulamentario efectuarase, mediante procedemento indicado no artigo 9 deste real decreto ou nos artigos correspondentes dos actos regulamentarios e das directivas marco que sexan de aplicación.

d) Os gastos derivados da avaliación inicial e da conformidade da produción serán por conta do titular da homologación.

#### Artigo 5. *Aplicacións particulares.*

No caso dos vehículos aos cales non sexa de aplicación obrigatoria a homologación de tipo CE nin estean incluídos nos anexos deste real decreto ou que pola súa configuración só poidan recibir unha homologación conforme con este real decreto en virtude de determinadas exencións, e a autoridade de homologación poderá eximir dalgúns actos regulamentarios, como condición previa á súa matriculación ou posta en circulación deberase cumprir o seguinte:

##### 1. Con carácter xeral:

a) O solicitante deberá obter unha autorización expresa da autoridade de homologación en que conste a relación de vehículos cos seus números de identificación acompañada de petición xustificada que incluíra unha memoria explicativa dos actos regulamentarios aplicables cuxo cumprimento, se for o caso, non é posible satisfacer, as razóns para o dito incumprimento e as medidas substitutivas adoptadas, presentando os certificados daqueles actos regulamentarios que cumpran. A autoridade de homologación poderá determinar os actos regulamentarios que deben cumprir aínda cando os citados vehículos non se encontren incluídos no ámbito de aplicación dos ditos actos regulamentarios.

b) Estes vehículos serán sometidos á inspección técnica unitaria previa á matriculación, na cal verificará a identidade dos vehículos coa documentación presentada, así como o seu estado, no que concirne á seguridade viaria e á protección do ambiente.

c) O solicitante presentará a solicitude de inspección técnica unitaria ao organismo competente en inspección técnica de vehículos acompañada de:

1.º Ficha reducida particularizada para o vehículo que se vaia inspeccionar segundo modelos que figuran nos anexos deste real decreto coa relación dos números de identificación do ou dos vehículos afectados. Poderá ser emitida polo fabricante, pola autoridade de homologación de vehículos ou por un servizo técnico competente en materia de homologación nun país do EEE. Tamén poderá ser expedida por técnico competente; neste caso, a ficha reducida realizarase baseándose na revisión física do vehículo. Se se tratase dun vehículo homologado separadamente como incompleto e cunha carrozaría homologada independentemente, presentarase as fichas reducidas das dúas homologacións. En calquera dos casos deberá ir selada polo servizo técnico que realice o informe favorable.

2.º Informe favorable do servizo técnico ou copia autenticada deste.

3.º Ficha de características técnicas indicada no anexo correspondente a cada categoría de vehículo adecuada, se for o caso, á singularidade do vehículo.

4.º Resolución da autorización emitida pola autoridade de homologación ou copia autenticada desta.

d) En caso de inspección favorable, o organismo que realice a inspección técnica unitaria emitirá a correspondente tarxeta de ITV.

2. Para os prototipos ou preseries que pertencen aos proxectos en fase de desenvolvemento por parte dos fabricantes:

a) O solicitante será o fabricante do vehículo.

b) O fabricante do ou dos vehículos presentará a solicitude de inspección técnica unitaria ao organismo competente en inspección técnica de vehículos acompañada de:



1.º Ficha reducida, asinada por persoa legalmente autorizada polo fabricante, con indicación dos números de identificación dos vehículos afectados.

2.º Copia da resolución da autorización emitida pola autoridade de homologación.

c) En caso de inspección favorable, o organismo que realice a inspección técnica unitaria emitirá a correspondente tarxeta de ITV.

d) Estes vehículos só poderán ser matriculados, de forma ordinaria ou temporal, a nome do fabricante que desenvolveu o prototipo, e esta condición anotarase na tarxeta de ITV.

3. En particular, para os vehículos procedentes de Estados membros do EEE diferenciarase entre:

a) Vehículos non matriculados:

1.º Os vehículos deberán dispor dunha homologación de tipo CE, ou dunha homologación de tipo española, ou dunha serie curta española, ou dunha homologación individual española ou, no caso de estar homologado por unha serie curta ou homologación individual concedida por outro Estado membro do EEE, estas deben ter sido aceptadas previamente pola autoridade de homologación española. En todos os casos se deberá cumprir cos requisitos incluídos neste real decreto e derivados dos actos regulamentarios indicados na columna de novas matrículas do anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

2.º O interesado deberá solicitar unha inspección técnica unitaria do vehículo presentando a ficha reducida particularizada para o vehículo que se vaia inspeccionar.

i) No caso de que o vehículo dispoña dun certificado de conformidade CE (CoC), este documento aceptarase como substitutivo da ficha reducida.

ii) No caso de que dispoña dunha homologación de tipo española ou dunha serie curta española, certificado emitido polo fabricante ou polo servizo técnico designado pola autoridade de homologación que acredite a correspondencia do vehículo cun número de homologación española.

iii) No caso de homologación individual española, resolución da autoridade de homologación española. No caso de homologación individual ou serie curta concedida por un Estado membro do EEE, autorización de equivalencia outorgada pola autoridade de homologación española.

b) Vehículos xa matriculados:

1.º Enténdese por vehículo matriculado aquel que dispón dunha matrícula definitiva outorgada polas autoridades competentes dun Estado membro do EEE.

2.º O vehículo completo ou completado deberá dispor dunha homologación CE, ou dunha homologación de tipo española, ou dunha serie curta española, ou dunha homologación individual española ou, no caso de estar homologado por unha serie curta ou homologación individual concedida por outro Estado membro do EEE, estas deben ter sido aceptadas previamente pola autoridade de homologación española. Neste caso deberán cumprir cos requisitos alternativos incluídos neste real decreto derivado dos actos regulamentarios indicados na columna de novas matrículas do anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, na data da primeira matriculación nun Estado membro do EEE.

Nos demais casos, deberán cumprir cos requisitos incluídos neste real decreto derivado dos actos regulamentarios indicados na columna de novas matrículas do anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

3.º O interesado deberá solicitar unha inspección técnica unitaria do vehículo presentando:

i) Ficha reducida particularizada para o vehículo que se vai inspeccionar. No caso de que o vehículo dispoña dunha homologación de tipo CE e do certificado de conformidade CE (CoC), este documento aceptarase como substitutivo da ficha reducida.

ii) No caso de que dispoña dunha homologación de tipo española ou serie curta española, certificado emitido polo fabricante ou servizo técnico designado pola autoridade de homologación española que acredite a correspondencia do vehículo cun número de homologación española.

iii) No caso dunha serie curta concedida por un Estado membro do EEE, autorización de equivalencia outorgada pola autoridade de homologación española.

iv) No caso de homologación individual española, resolución da autoridade de homologación española. No caso dunha homologación individual concedida por un Estado membro do EEE, autorización de equivalencia outorgada pola autoridade de homologación española.

v) Orixinal do permiso de circulación ou documento equivalente do país de procedencia.

vi) Orixinal da tarxeta de inspección técnica do vehículo ou documento equivalente do país de procedencia.

4.º Se o órgano administrativo competente do país de procedencia do vehículo retirase tanto o orixinal do permiso de circulación como a tarxeta de inspección técnica ao tramitar a baixa do vehículo, ambos os documentos poderán ser substituídos por fotocopias debidamente cotexadas polo dito órgano administrativo ou, se for o caso, polo Ministerio de Asuntos Exteriores ou organismo equivalente do país de procedencia ou da súa representación diplomática en España.

En todos os casos se fará constar a data da primeira matriculación do vehículo na tarxeta ITV que se expida, para os efectos da súa inclusión no permiso de circulación e para computar a súa antigüidade para os efectos de asignarlles as frecuencias de inspección técnica periódica dos vehículos en España.

5.º Os vehículos de motor e os seus remolques destinados ao uso particular do seu titular e que estiveron matriculados nun Estado membro do EEE, a nome de persoas físicas que trasladen a súa residencia a España, poderán solicitar a matriculación en España a nome desa mesma persoa física. O interesado deberá solicitar unha inspección técnica unitaria do vehículo presentando:

i) Ficha reducida.

ii) No caso de que o vehículo dispoña dunha homologación de tipo CEE e do certificado de conformidade CE (CoC), este documento aceptarase como substitutivo da ficha reducida.

iii) Documentación orixinal do vehículo, en que conste como titular o mesmo que solicita a inspección técnica unitaria do vehículo.

Estes vehículos, excepcionalmente, poderán carecer dun número de homologación.

4. Para o caso de vehículos procedentes de países terceiros diferenciarase entre:

a) Vehículos non matriculados:

1.º Os vehículos deberán dispor dunha homologación de tipo CE, ou dunha homologación de tipo española, ou dunha serie curta española, ou dunha homologación individual española ou, no caso de estar homologado, por unha serie curta ou homologación individual concedida por outro Estado membro do EEE; estas deben ter sido aceptadas previamente pola autoridade de homologación española. En todos os casos se deberá cumprir cos requisitos incluídos neste real decreto e derivados dos actos regulamentarios indicados na columna de novas matrículas do anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

2.º O interesado deberá solicitar unha inspección técnica unitaria do vehículo, presentando a ficha reducida particularizada para o vehículo que se vai inspeccionar.

No caso que o vehículo dispoña dunha homologación de tipo CE e do certificado de conformidade CE (CoC), este documento aceptarase como substitutivo da ficha reducida.

No caso de que dispoña dunha homologación de tipo española, certificado emitido polo fabricante ou polo servizo técnico designado pola autoridade de homologación que acredite a correspondencia do vehículo cun número de homologación española.

No caso de serie curta española, certificado de homologación de tipo. No caso de serie curta concedida por un Estado membro do EEE, autorización de equivalencia outorgada pola autoridade de homologación española.

No caso de homologación individual española, resolución da autoridade de homologación española. No caso de homologación individual concedida por un Estado membro do EEE, autorización de equivalencia outorgada pola autoridade de homologación española.

b) Vehículos xa matriculados:

1.º Enténdese por vehículo matriculado aquel que dispón dunha matrícula definitiva outorgada polas autoridades competentes do país en cuestión.

2.º O vehículo completo ou completado deberá dispor dunha homologación CE, ou dunha homologación de tipo española, ou dunha serie curta española, ou dunha homologación individual española ou, no caso de estar homologado por unha serie curta ou homologación individual concedida por outro Estado membro do EEE, estas deben ter sido aceptadas previamente pola autoridade de homologación española. Neste caso deberán cumprir cos requisitos alternativos incluídos neste real decreto derivado dos actos regulamentarios indicados na columna de novas matrículas do anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, na data da primeira matriculación nun Estado membro do EEE.

Nos demais casos, deberán cumprir cos requisitos incluídos neste real decreto derivado dos actos regulamentarios indicados na columna de novas matrículas do anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

3.º O interesado deberá solicitar unha inspección técnica unitaria do vehículo presentando:

i) Ficha reducida particularizada para o vehículo que se vaia inspeccionar. No caso de que o vehículo dispoña dunha homologación de tipo CE e do certificado de conformidade CE (CoC), este documento aceptárase como substitutivo da ficha reducida.

ii) No caso de que dispoña dunha homologación de tipo española, certificado emitido polo fabricante ou servizo técnico designado pola autoridade de homologación española que acredite a correspondencia do vehículo cun número de homologación española.

iii) No caso de serie curta española, certificado de homologación de tipo. No caso dunha serie curta concedida por un Estado membro do EEE, autorización de equivalencia outorgada pola autoridade de homologación española.

iv) No caso de homologación individual española, resolución da autoridade de homologación española. No caso dunha homologación individual concedida por un Estado membro do EEE, autorización de equivalencia outorgada pola autoridade de homologación española.

v) Orixinal do permiso de circulación ou documento equivalente do país de procedencia.

vi) Orixinal da tarxeta de inspección técnica do vehículo ou documento equivalente do país de procedencia.

4.º Se o órgano administrativo competente do país de procedencia do vehículo retirase tanto o orixinal do permiso de circulación como a tarxeta de inspección técnica ao tramitar a baixa do vehículo, ambos os documentos poderán ser substituídos por fotocopias debidamente cotexadas polo dito órgano administrativo ou, se for o caso, polo Ministerio de Asuntos Exteriores ou organismo equivalente do país de procedencia ou da súa representación diplomática en España.

En todos os casos se fará constar a data da primeira matriculación do vehículo na tarxeta ITV que se expida, para os efectos da súa inclusión no permiso de circulación e para computar a súa antigüidade para os efectos de asignarlle as frecuencias de inspección técnica periódica dos vehículos en España.

5.º Os vehículos de motor e os seus remolques destinados ao uso particular do seu titular e que estivesen matriculados en países terceiros, a nome de persoas físicas que trasladen a súa residencia a España, poderán solicitar a matriculación en España a nome desa mesma persoa física. O interesado deberá solicitar unha inspección técnica unitaria do vehículo presentando:

- i) Ficha reducida.
- ii) Documentación orixinal do vehículo, en que conste como titular o mesmo que solicita a inspección técnica unitaria do vehículo.

Estes vehículos, excepcionalmente, poderán carecer dun número de homologación.

5. No suposto de vehículos do corpo diplomático español acreditado noutros países e do corpo diplomático estranxeiro acreditado en España:

a) Os vehículos pertencentes ao persoal do corpo diplomático español acreditado noutros países e do corpo diplomático estranxeiro acreditado en España, ao finalizar a misión do seu titular, poderán ser obxecto da autorización administrativa previa á matriculación ordinaria, sempre que exista a certificación correspondente por parte do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

b) O interesado deberá solicitar unha inspección técnica unitaria presentando:

i) Certificado de conformidade (CoC). En caso debidamente xustificado, a autoridade competente poderá eximir deste requisito.

ii) Ficha reducida. No caso de que o vehículo dispoña dunha homologación CE e do certificado de conformidade CE (CoC), este documento aceptárase como substitutivo da ficha reducida.

iii) Orixinal do permiso de circulación ou documento equivalente do país de procedencia.

iv) Orixinal da tarxeta de inspección técnica do vehículo ou documento equivalente do país de procedencia.

c) Se o órgano administrativo competente do país de procedencia do vehículo retirara tanto o orixinal do permiso de circulación como a tarxeta de inspección técnica ao tramitar a baixa do vehículo, ambos os documentos poderán ser substituídos por fotocopias debidamente cotexadas polo dito órgano administrativo ou, se for o caso, polo Ministerio de Asuntos Exteriores ou organismo equivalente do país de procedencia ou da súa representación diplomática en España.

d) En todos os casos se fará constar a data da primeira matriculación do vehículo na tarxeta ITV que se expida, para os efectos da súa inclusión no permiso de circulación e para computar a súa antigüidade para os efectos de asignarlles as frecuencias de inspección técnica periódica dos vehículos en España.

6. Para os vehículos procedentes de poxas oficiais realizadas en España e que deben ser obxecto de matriculación ordinaria:

a) O vehículo deberá dispor dun número de homologación válido en España.

b) O adxudicatario en poxa oficial de vehículos realizada en España, anteriormente matriculados con matrícula especial española ou doutros países (Forzas Armadas, Parque Móbil do Estado e outros organismos públicos), deberá solicitar que na acta de adxudicación se identifique inequivocamente o vehículo, con indicación da marca, número de homologación válida en España, o modelo, ano de fabricación e número de identificación, indicando, pola súa vez, que o vehículo é apto para unha nova matriculación ordinaria.

c) Os vehículos deberanse someter á inspección técnica unitaria presentando a documentación seguinte:

- i) Copia da documentación da matriculación especial.
- ii) Acta de adxudicación do organismo oficial.
- iii) Ficha reducida.

**Artigo 6. Requisitos sobre a tramitación.**

1. A solicitude e a documentación sinaladas nos puntos anteriores poderase presentar de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes tamén se poderán tramitar por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. A autoridade de homologación deberá resolver e notificar no prazo de seis meses desde a entrada no rexistro de toda a documentación que, para cada caso, se estableza neste real decreto. Transcorrido o prazo máximo sen se ter notificado resolución expresa a solicitude entenderase denegada.

3. No caso de resolución denegatoria, a autoridade de homologación deberá indicar os motivos da denegación.

4. Quen desexe comercializar, matricular ou pór en servizo un vehículo con homologación individual ou homologación de tipo de serie curta nacional doutro Estado membro do EEE, deberá solicitalo á autoridade de homologación, proporcionando unha declaración sobre as disposicións técnicas mediante as que obtivo a dita homologación individual ou a homologación de tipo de serie curta nacional no mencionado Estado. A autoridade de homologación avaliará a correspondencia das ditas disposicións técnicas cos requisitos establecidos nos anexos deste real decreto e, se for o caso, nos establecidos no anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

5. Nos casos de homologación de tipo e homologación de tipo de series curtas nacionais realizadas en proceso multifásico, ademais dos requisitos exixidos nos puntos anteriores, deberá existir entre os fabricantes das distintas fases un acordo de colaboración. A autoridade de homologación verificará que existe o dito acordo.

No caso de homologación individual da última fase dun proceso de homologación multifásico, verificarase que se cumpre ou ben o acordo de colaboración antes citado, ou que existe un informe substitutivo emitido polo fabricante da primeira fase e unha memoria técnica do vehículo completado ou transformado realizada polo fabricante da última fase.

6. O certificado de homologación deste real decreto emitido pola autoridade de homologación estará inspirado nos modelos que se establecen nas directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo, 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio, ou 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro.

**CAPÍTULO III****Ensaio de homologación****Artigo 7. Actas de ensaio.**

1. O modelo de acta de ensaio de homologación de tipo española, homologación de series curtas nacionais ou homologación individual ou autorizacións de aplicacións particulares emitirao o servizo técnico, basearase no modelo que figura no anexo I deste real decreto e deberá incluír, polo menos, as informacións recollidas no dito anexo. Para a súa emisión, o servizo técnico deberá realizar as comprobacións, medicións e ensaios requiridos para verificar que o vehículo se corresponde co expediente de homologación.

2. Acta de ensaio de homologación de tipo española e homologación de series curtas nacionais.

a) A acta de ensaio de homologación dun tipo de vehículo ou homologación de series curtas nacionais incluír á o tipo básico e as variantes deste que se sinalen na documentación presentada para o efecto debidamente identificados polo fabricante. A definición de tipo e variantes deste é a que figura nos anexos correspondentes deste real decreto e, no seu defecto, nos anexos das directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo, 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de maio, ou

2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro, cando estas lle sexan de aplicación.

b) Para a obtención da acta de ensaio de homologación de tipo ou homologación de tipo de serie curta nacional, o interesado deberá pór á disposición do servizo técnico o seguinte:

- 1.º Un número suficiente de vehículos do mesmo tipo, cuxa homologación se solicita, que determinará o servizo técnico.
- 2.º Ficha de características.
- 3.º Ficha reducida.
- 4.º Os certificados oficiais de homologación e os seus documentos anexos, correspondentes aos actos regulamentarios en vigor ou requisitos alternativos, e que sexan de aplicación para o vehículo.

c) Se con posterioridade á homologación do tipo e as súas variantes se incorpora ao tipo homologado calquera nova variante, deberase solicitar a extensión de homologación correspondente á autoridade de homologación. Para isto presentárase ao servizo técnico a documentación que corresponda unicamente ás diferenzas que presente a nova variante co modelo básico, acompañada dos certificados de homologación dos actos regulamentarios afectados polas diferenzas que presentan as novas variantes, e, se for o caso, vehículo representativo da/s nova/s variante/s.

O servizo técnico procederá a emitir unha acta de ensaio de extensión de homologación de tipo, logo da verificación dos datos presentados polo fabricante, e comprobación de que as documentacións dos actos regulamentarios se corresponden coa nova variante do vehículo, e logo da realización, se for o caso, dos ensaios necesarios.

d) Por outra parte, se con posterioridade á homologación do tipo de base se producen modificacións dalgún dos datos que figuran na ficha de características, que non signifiquen novo tipo ou variante, o fabricante deberá presentar ao servizo técnico a documentación que corresponda aos cambios efectuados, así como as documentacións relativas aos actos regulamentarios afectados para obter a revisión da homologación de tipo.

As follas en que se relacionan estas modificacións, debidamente comprobadas e seladas polo servizo técnico, anexaranse á documentación de homologación anterior e serán remitidas polo servizo técnico á autoridade de homologación. Esta comprobación limitarase a verificar que o cambio non supón novo tipo ou variante, segundo as definicións dos apéndices 1 dos anexos deste real decreto ou dos actos regulamentarios a que se fai referencia no artigo 2.10 deste real decreto.

### 3. Acta de ensaio para a homologación individual.

Para a obtención da acta de ensaio de homologación individual, o interesado deberá pór á disposición dun servizo técnico designado en España o seguinte:

- a) Ficha reducida, segundo o modelo que figura no apéndice 2 do anexo correspondente á categoría do vehículo.
- b) Se for o caso, copia dos certificados de homologación ou requisitos alternativos dos actos regulamentarios aplicables ao vehículo e que sexan exixibles para a súa homologación individual.
- c) O vehículo obxecto da homologación individual.

**Artigo 8.** *Vehículos destinados á realización dos ensaios necesarios para a obtención da homologación de tipo de vehículos ou dos actos regulamentarios.*

Os vehículos destinados á realización dos ensaios necesarios para a obtención da homologación de tipo ou de actos regulamentarios quedan eximidos da dita homologación, mentres estean destinados a este propósito, e deberán circular con permisos e placas de matrícula temporais para uso de empresas.

## CAPÍTULO IV

**Conformidade da produción***Artigo 9. Procedemento de conformidade da produción.*

O procedemento de conformidade da produción está destinado a garantir que cada vehículo, sistema, compoñente e unidade técnica independente fabricados sexan conformes co tipo homologado de acordo con calquera das posibles alternativas que ofrece este real decreto.

O procedemento inclúe, de maneira inseparable, a avaliación dos sistemas de xestión de calidade, citados máis adiante como avaliación inicial e verificación do obxecto da homologación, e os controis relacionados co produto, citados como disposicións de conformidade do produto.

O procedemento de conformidade da produción é responsabilidade da autoridade de homologación, quen poderá efectuar os controis previstos neste artigo por si mesmos ou por medio de servizo/s técnico/s designados para o efecto.

1. Na avaliación inicial, a autoridade de homologación:

a) Comprobará, antes de conceder a homologación de tipo, que os procedementos de que dispón o fabricante son satisfactorios para garantir un control eficaz da conformidade co tipo homologado dos compoñentes, sistemas, unidades técnicas independentes e vehículos de que se trate, para o que pode servir como guía a Norma ISO 19011:2002: directrices para a auditoría dos sistemas de xestión da calidade e/ou ambientais.

O fabricante deberá demostrar, para satisfacción da autoridade de homologación, o cumprimento dos requisitos exixidos.

b) Poderá tomar en consideración o cumprimento da norma harmonizada UNE: EN ISO 9001:2008: Sistemas de xestión da calidade, ou dunha norma harmonizada equivalente ao cumprimento dos requisitos da avaliación inicial. O fabricante proporcionará todas as informacións necesarias sobre a certificación e comprometerase a informar a autoridade de homologación sobre calquera cambio na validez ou no ámbito de aplicación.

2. Na conformidade da produción:

a) Todo vehículo, sistema, compoñente ou unidade técnica independente, homologado segundo este real decreto, será fabricado de forma que se axuste ao tipo homologado, cumprindo os requisitos deste real decreto ou dun acto regulamentario dos incluídos no anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

b) Cando conceda unha homologación, a autoridade de homologación comprobará a existencia de disposicións adecuadas e plans de control documentados, que contarán co acordo do fabricante para cada homologación, para poder realizar a intervalos determinados os ensaios e controis necesarios para comprobar a conformidade co tipo homologado, incluídos, se for o caso, os ensaios previstos en actos regulamentarios citados na letra a).

3. Nas disposicións de verificación continua:

a) A autoridade de homologación poderá verificar en calquera momento os métodos de control da conformidade aplicados en cada planta de produción ou nos locais previstos no artigo 4.2 d) deste real decreto.

1.º O normal será verificar a eficacia permanente dos procedementos establecidos no número 1 (avaliación inicial) e do número 2 (conformidade da produción).

2.º A frecuencia normal das verificacións realizadas pola autoridade de homologación garantirá que os controis pertinentes efectuados conforme os números 1 e 2 deste artigo son revisados durante un período adecuado á fiabilidade establecida pola autoridade de homologación.

b) En cada revisión poranse á disposición do inspector as actas dos ensaios e verificacións e os rexistros da produción; en particular, as actas dos ensaios ou verificacións documentadas como se exige no número 2.b) deste artigo.

c) Cando se obteñan resultados insatisfactorios nunha inspección ou na revisión de seguimento, a autoridade de homologación velará por que se tomen as medidas necesarias para restablecer a conformidade da produción coa maior brevidade.

d) Aqueles vehículos, sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes, incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto non homologados en España, acompañados dun certificado de conformidade ou que levan gravada a marca de homologación, estarán suxeitos aos requisitos de verificación que aseguren que se axustan ao tipo homologado, en aplicación do establecido para o efecto nas directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo, 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio ou 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro. Para este efecto, a autoridade de homologación española poderá verificar en todo momento a súa correspondencia co tipo homologado.

e) Os gastos que deriven do aseguramento dos requisitos anteriores serán sufragados polo solicitante ou o titular da homologación.

#### Artigo 10. *Número de homologación.*

Cada vehículo que corresponda a un tipo homologado levará na placa do fabricante o número que lle fose asignado pola autoridade de homologación, en aplicación do artigo 4 e, se for o caso, do artigo 5. No caso de homologación de tipo multifásico seguirase o establecido no anexo XVII da Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007.

## CAPÍTULO V

### **Designación dos servizos técnicos e inspección técnica de vehículos**

#### Artigo 11. *Servizos técnicos*

1. A autoridade de homologación designará os servizos técnicos na forma establecida no artigo 13.4 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

2. A designación dos ditos servizos técnicos basearase nun informe de avaliación das aptitudes que estableza a autoridade de homologación.

#### Artigo 12. *Tarxetas de inspección técnica de vehículos*

1. O formato e o contido da tarxeta de inspección técnica de vehículos serán, en cada caso, os especificados no anexo XI deste real decreto, sen que poida ser obxecto de cesión a un terceiro nin asinada por persoa non autorizada. As sinaturas das persoas autorizadas para tal fin serán as recollidas no rexistro que se menciona no artigo 4.1 e a súa tramitación realizarase de acordo co especificado no número 1.4 do anexo XII.

No anexo XII detállanse as instrucións para cubrir as ditas tarxetas.

2. A validez da tarxeta de inspección técnica de vehículos expirará cando novos requisitos que figuren en calquera acto regulamentario aplicable ao vehículo homologado sexan obrigatorios para a matriculación.

## CAPÍTULO VI

### **Réxime sancionador**

#### Artigo 13. *Infraccións e sancións.*

1. O incumprimento das disposicións deste real decreto sancionárase conforme o réxime de infraccións e sancións previsto no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, sen prexuízo do que se establece no número seguinte.



2. Cando o incumprimento do disposto neste real decreto constituía unha infracción tipificada no texto refundido da Lei xeral dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, así como no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, será sancionado de conformidade co prescrito no dito texto refundido e no referido real decreto.

Disposición adicional única. *Reformas de importancia antes da matriculación.*

A partir da data de entrada en vigor deste real decreto, as reformas de importancia previstas no Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de importancia de vehículos de estrada e se modifica o artigo 252 do Código da circulación, que se realicen nos vehículos antes da matriculación non poderán ser realizadas, salvo nos casos que se especifiquen na lexislación aplicable nas reformas de vehículos. Este tipo de reformas deberán ser realizadas de conformidade cos procedementos pertinentes de homologación.

Disposición transitoria primeira. *Carrozado inicial de vehículos.*

O carrozado inicial de vehículos a que fai referencia o anexo 11 do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas de homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos, poderá seguir realizándose segundo o Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de importancia de vehículos de estrada e se modifica o artigo 252 do Código da circulación, ata as datas da obrigatoriedade de homologación de tipo para os tipos de vehículos xa existentes determinadas na última columna do anexo XIX da Directiva 2007/46/CE, do 5 de setembro.

Disposición transitoria segunda. *Homologacións de tipo nacionais.*

Poderanse conceder homologacións de tipo nacionais segundo este real decreto para as categorías de vehículos incluídas nas directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo, 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de marzo, 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro, ata as datas de homologación CE obrigatorias establecidas nas ditas directivas.

Disposición transitoria terceira. *Extensións de homologacións de tipo nacionais.*

As extensións de homologación de tipo nacionais poderanse seguir concedendo segundo este real decreto ou segundo o Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas de homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos, e terán validez para novas matriculacións ata as datas de homologación CE obrigatorias definidas nas directivas 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo; 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de marzo, e 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro.

Disposición transitoria cuarta. *Tarxetas de ITV ou certificados para carrozado para vehículos homologados segundo o Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro.*

Durante un período de dous anos a partir da entrada en vigor deste real decreto poderanse seguir emitindo tarxetas de ITV de acordo co Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro.

Os certificados para carrozado dos vehículos homologados segundo o Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, seguirán sendo válidos ata a data de obrigatoriedade establecida na Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro, para matriculación de vehículos.

Disposición transitoria quinta. *Rexistro de Fabricantes e Sinaturas Autorizadas.*

Os fabricantes e representantes do fabricante inscritos no actual Rexistro de Fabricantes e Sinaturas Autorizadas da autoridade de homologación deberán actualizar a súa inscrición segundo os requisitos deste real decreto nun prazo de seis meses despois da data de entrada en vigor deste real decreto. Non obstante, se con anterioridade a esta data tivesen que actualizar ou modificar algún dos datos do seu expediente, deberano actualizar segundo o disposto no artigo 4 deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira, o Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas sobre a homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para a modificación dos anexos deste real decreto.*

1. Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para modificar mediante orde os anexos deste real decreto.
2. En particular, a modificación dos anexos XI e XII deste real decreto exixirá o informe previo do Ministerio do Interior.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de xuño de 2010.

JUAN CARLOS R.

El Ministro de Industria, Turismo y Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

## ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I.- Modelos de actas de ensaio do laboratorio

Anexo II.- Anexo técnico sobre homologación nacional de tipo de vehículos da categoría L (inclúe: homologación de tipo serie curta nacional e homologación individual)

Anexo III.- Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de vehículos das categorías M e N

(inclúe: homologación nacional de tipo, homologación de tipo serie curta nacional e homologación individual)

Anexo IV.- Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de vehículos das categorías O1, O2, O3 e O4 (inclúe: homologación nacional de tipo, homologación de tipo serie curta nacional e homologación individual)

Anexo V.- Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de vehículos da categoría T (inclúe: homologación nacional de tipo, homologación de tipo serie curta nacional e homologación individual)

Anexo VI.- Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de máquinas automotrices dun eixe (inclúe: homologación de tipo serie curta nacional e homologación individual)

Anexo VII.- Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de máquinas automotrices (inclúe: homologación de tipo serie curta nacional e homologación individual)

Anexo VIII.- Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de tractocarros (inclúe: homologación de tipo serie curta nacional e homologación individual)

Anexo IX.- Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de remolques especiais (inclúe: homologación de tipo serie curta nacional e homologación individual)

Anexo X.- Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de máquinas remolcadas (inclúe: homologación de tipo serie curta nacional e homologación individual)

Anexo XI.- Modelo e especificacións das tarxetas de inspección técnica de vehículos (ITV)

Anexo XII.- Formalización de tarxetas ITV

## ANEXO I

### Requisitos mínimos da acta de ensaio de homologación

(expedida polo servizo técnico)

Acta para a emisión do certificado de homologación de tipo de vehículos, exencións, homologación individual, homologación serie curta nacional

Referencia

Número

1. Marca do vehículo
2. Tipo do vehículo
3. Nome e enderezo do construtor
4. En caso necesario, nome e enderezo do representante do fabricante
5. Variantes
6. Vehículo presentado para a homologación
7. Servizo técnico encargado da homologación
8. Data da comunicación entregada por este servizo
9. Número da comunicación entregada por este servizo
10. O vehículo cumpre/non cumpre a normativa de homologación (\*)
11. Localización no vehículo da marca de homologación
12. Lugar
13. Data
14. Sinatura

O vehículo cuxas características se sinalan cumpre nesta data as prescricións de homologación que lle son aplicables.

(\*) Riscar o que non proceda

## Requisitos mínimos da acta de ensaio para a extensión da homologación

(expedida polo servizo técnico)

Extensión de homologación de tipo de vehículos, exencións, homologación individual, homologación serie curta nacional

Referencia

Número do vehículo base

1. Marca do vehículo
2. Tipo do vehículo
3. Nome e enderezo do construtor
4. En caso necesario, nome e enderezo do representante do fabricante
5. Variantes para as que se solicita a extensión
6. Vehículo presentado para a extensión
7. Servizo técnico encargado da extensión
8. Data da comunicación entregada por este servizo
9. Número da comunicación entregada por este servizo
10. O vehículo cumpre/non cumpre a normativa de homologación (\*)
11. Localización no vehículo da marca de homologación
12. Lugar
13. Data
14. Sinatura

O vehículo cuxas características se sinalan cumpre nesta data as prescricións de homologación que lle son aplicables.

(\*) Riscar o que non proceda

## ANEXO II

Homologación nacional de tipo de vehículos

### Anexo técnico sobre homologación nacional de tipo de vehículos da categoría L

(inclúe: homologación de tipo, serie curta nacional  
e homologación individual)

#### Índice

Apéndice 1	Xeneralidades.
	Parte I Definición segundo categorías de tipo, variante e versión.
	Parte II Modelos de números de homologación.
Apéndice 2	Homologación nacional de tipo. Non aplicable.
Apéndice 3	Serie curta nacional.
	Parte I Campo de aplicación.
	Parte II Ficha de características.
	Parte III Modelos de fichas reducidas.
	Parte IV Matriz das diferentes combinacións de: tipo/variante/versión (TVV).
	Parte V Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas.
Apéndice 4	Homologación individual.
	Parte I Campo de aplicación.
	Parte II Modelo fichas reducidas.
	Parte III Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas.
Apéndice 5	Lista de actos regulamentarios para a homologación de vehículos en series curtas nacionais, casos alternativos e homologación individual.

## APÉNDICE 1

### Xeneralidades

#### PARTE I

#### DEFINICIÓN DE TIPOS DE VEHÍCULOS

##### 1. Para os fins da categoría L:

“**Tipo**”: véxase o número 1 do artigo 2 do capítulo 1 da Directiva 2002/24/CE.

“**Variante**”: véxase o número 2 do artigo 2 do capítulo 1 da Directiva 2002/24/CE.

“**Versión**”: véxase o número 3 do artigo 2 do capítulo 1 da Directiva 2002/24/CE.

#### PARTE II

#### MODELOS DE NÚMEROS DE HOMOLOGACIÓN

##### Serie curta nacional:

Todas as categorías: e9\*SCL\*xxxx\*00 (vehículos completos, completados e as diferentes fases de completados).

**Homologación individual**: HIA-xxxx (vehículos categoría L completos e completados)

Constará dos caracteres “HIA” seguidos dun mínimo de catro cifras que indicarán o número de homologación individual.

## APÉNDICE 3

### Serie curta nacional

#### Parte I

#### Campo de aplicación

O campo de aplicación deste apéndice inclúe os tipos de vehículos incompletos, completos e completados, pertencentes ás categorías L, definidos no capítulo I, artigo 1 da Directiva 2002/24/CE.

A definición de tipo de vehículos, así como os modelos de números de homologación, serán os establecidos no apéndice 1 deste anexo.

Os límites de cantidade dos vehículos producidos en serie curta nacional serán os establecidos na Directiva 2002/24/CE.

Nas epígrafes que correspondan a vehículos completos/completados/incompletos riscarase o que non proceda.

No caso de vehículos completados, cubriranse todas as epígrafes, incluídas as correspondentes ao vehículo incompleto, que se documentará coa información que proveña de fases anteriores.

#### Parte II

#### A. FICHA DE CARACTERÍSTICAS RELATIVAS A VEHÍCULOS CATEGORÍA L

Achegarase a información que figura a continuación, presentarase e irá acompañada dunha lista dos elementos incluídos. Os planos, se for o caso, presentarase á escala adecuada, suficientemente detallados e en formato A4 ou dobrados ao dito formato. As fotografías, se as houber, serán suficientemente detalladas.

Se os sistemas, compoñentes ou unidades técnicas independentes teñen funcións controladas electronicamente, subministrarse información relativa ás súas prestacións.

Nas epígrafes que correspondan a vehículos completos/completados/incompletos riscarase o que non proceda.

No caso de vehículos completados, cubriranse todas as epígrafes, incluídas as correspondentes ao vehículo incompleto, que se documentará coa información que proveña de fases anteriores.



Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
0	XENERALIDADES		
0.1	Marca	X	X
0.2	Tipo (precisar as posibles variantes e versións: cada variante e versión débese identificar cun código que consista en números ou combinacións de letras e números)	X	X
0.2.1	Denominación comercial	X	
0.3	Medios de identificación do tipo se se indica no vehículo <sup>(b)</sup>	X	X
0.3.1	Localización da indicación	X	X
0.4	Categoría do vehículo <sup>(c)</sup>	X	X
0.5	Nome e enderezo do fabricante		
	Nome e enderezo do fabricante do vehículo de base		X
	Nome e enderezo do fabricante do vehículo incompleto		X
	Nome e enderezo do fabricante do vehículo completado	X	
0.6	Se for o caso, nome e enderezo do representante do fabricante	X	X
0.7	Localización e forma de colocación das inscricións regulamentarias <sup>(l)</sup>	X	X
0.7.1	A numeración na serie do tipo empeza no n.º	X	X
0.8	Localización e forma de colocación da marca de homologación para os compoñentes e as unidades técnicas independentes	X	X
1	<b>CONSTITUCIÓN XERAL DO VEHÍCULO</b>		
1.1	Fotos ou debuxos, ou ambos, dun vehículo tipo	X	X
1.2	Esquema con cotas do vehículo completo/incompleto (3)	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
1.3	Número de eixes e de rodas (se for o caso, eirugas ou bandas de rodamento)	X	X
1.4	Localización e disposición do motor	X	X
1.5	Número de asentos e/ou selas	X	X
1.5.1	Número de prazas incluído o condutor	X	X
2	MASAS (en kg)		
2.0	Masa en baleiro	X	X
2.1	Masa do vehículo en orde de marcha <sup>(d) (i)</sup>	X	
2.1.1	Repartición desta masa entre os eixes	X	
2.2	Masa do vehículo en orde de marcha, con condutor <sup>(d) (i)</sup>	X	
2.2.1	Repartición desta masa entre os eixes	X	
2.3	Masa máxima tecnicamente admisible declarada polo fabricante	X	X
2.3.1	Repartición desta masa entre os eixes	X	X
2.3.2	Masa máxima tecnicamente admisible en cada eixe	X	X
2.5	Masa máxima remolcable (se for o caso) cf/sf	X	X
2.6	Masa máxima do conxunto	X	X
3	MOTOR (e)		
3.0	Fabricante	X	X
3.1	Marca	X	X
3.1.1	Tipo (o que figure no motor, ou outros medios de identificación)	X	X
3.2	Motor de acendido por chispa ou por compresión (1)	X	X
3.2.1	Características específicas do motor	X	X
3.2.1.1	Modo de funcionamento acendido por chispa/por compresión (1), en catro tempos/dous tempos	X	X
3.2.1.2	Número, disposición e orde de acendido dos cilindros	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
3.2.1.2.1	Diámetro <sup>(f)</sup>	X	X
3.2.1.2.2	Carreira <sup>(f)</sup>	X	X
3.2.1.3	Cilindrada <sup>(g)</sup>	X	X
3.2.1.4	Relación de compresión <sup>(2)</sup>	X	X
3.2.1.6	Réxime de ralenti <sup>(2)</sup>	X	X
3.2.1.7	Potencia neta máxima	X	X
3.2.1.8	Par máximo neto	X	X
3.2.2	Combustibles: diésel/gasolina/mestura/outros <sup>(1)</sup> (En caso doutro tipo de combustible deberase determinar un procedemento de ensaio)	X	X
3.2.3	Depósito de combustible	X	X
3.2.3.1	Capacidade máxima <sup>(2)</sup>	X	X
3.2.3.2	Debuxo ou fotografías do depósito con indicación dos materiais empregados	X	X
3.2.3.3	Esquema que indique claramente a localización do depósito no vehículo	X	X
3.2.4	Alimentación do motor	X	X
3.2.4.1	Por carburador/carburadores: (si/non) <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.4.1.1	Marca ou marcas	X	X
3.2.4.1.2	Tipo ou tipos	X	X
3.2.4.1.3	Número instalado	X	X
3.2.4.1.4	Axustes <sup>(2)</sup>	X	X
3.2.4.1.4.1	Difusores	X	X
	Principal	X	X
	Auxiliar	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
3.2.4.1.4.4	Agulla (indicar posición)	X	X
3.2.4.1.5	Sistema de arranque en frío: manual/automático (1)	X	X
3.2.4.2	Por inxección de combustible (acendido por compresión unicamente): (si/non) (1)	X	X
3.2.4.2.1	Descrición do sistema	X	X
3.2.4.2.2	Principio de funcionamento directa/indirecta/inxección en precámara (1)	X	X
3.2.4.2.3	Bomba de inxección	X	X
3.2.4.2.3.1	Marca ou marcas	X	X
3.2.4.2.3.2	Tipo ou tipos	X	X
3.2.4.2.4	Regulador	X	X
3.2.4.2.4.1	Tipo	X	X
3.2.4.2.6	Inxector ou inxectores	X	X
3.2.4.2.6.1	Marca ou marcas	X	X
3.2.4.2.6.2	Tipo ou tipos	X	X
3.2.4.2.6.3	Presión de apertura (2) ou diagrama característico (2)	X	X
3.2.4.3	Por inxección de combustible (só en acendido por chispa) (1)	X	X
3.2.4.3.1	Descrición do sistema	X	X
3.2.4.3.2	Principio de funcionamento: inxección no colector de admisión (monopunto ou multipunto)/inxección directa/outros (1)	X	X
3.2.4.3.2.1	Marca ou marcas da bomba de inxección	X	X
3.2.4.3.2.2	Tipo ou tipos da bomba de inxección	X	X
3.2.4.3.3	Inxectores: referencia ou presión de apertura (2) ou diagrama característico (2)	X	X
3.2.4.4	Bomba de alimentación (si/non)	X	X
3.2.5	Equipamento eléctrico	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
3.2.5.1	Tensión nominal <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.5.2	Xerador	X	X
3.2.5.2.1	Tipo	X	X
3.2.5.2.2	Potencia nominal	X	X
3.2.6	Acendido	X	X
3.2.6.1	Marca ou marcas	X	X
3.2.6.2	Tipo ou tipos	X	X
3.2.6.3	Principio de funcionamento	X	X
3.2.6.8	Antiparasitado	X	X
3.2.6.8.1	Elementos do sistema (referencia)	X	X
3.2.6.8.2	Indicador nominal das resistencias en corrente continua e para os cables de acendido resistivos, valores da resistencia nominal por metro	X	X
3.2.7	Sistema de refrixeración (por líquido/aire) <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.7.1	Valor nominal do regulador de control da temperatura do motor	X	X
3.2.7.2	Líquido	X	X
3.2.7.2.1	Natureza do líquido	X	X
3.2.7.2.2	Bomba ou bombas de circulación: si/non <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.7.3	Por aire	X	X
3.2.7.3.1	Ventilador (si/non) <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.8	Sistema de admisión	X	X
3.2.8.1	Turboalimentado: si/non <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.8.1.1	Marca ou marcas	X	X
3.2.8.1.2	Tipo ou tipos	X	X
3.2.8.2	Intercambiador intermedio: (con/sen) <sup>(1)</sup>	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
3.2.8.3.1	Descrición do colector de admisión (con debuxos ou fotos)	X	X
3.2.8.3.2	Filtro de aire (debuxos ou fotos)	X	X
3.2.8.3.2.1	Marca ou marcas	X	X
3.2.8.3.2.2	Tipo ou tipos	X	X
3.2.8.3.3	Silenciador de admisión (debuxos)	X	X
3.2.8.3.3.1	Marca ou marcas	X	X
3.2.8.3.3.2	Tipo ou tipos	X	X
3.2.9	Sistema de escape	X	X
3.2.9.1	Debuxo do sistema de escape completo indicando seccións mínimas, se for o caso	X	X
3.2.9.1.1	Marcaxes identificativas	X	X
3.2.10	Sección mínima dos condutos de admisión e escape	X	X
3.2.11.2	Magnitudes de referencia e/ou marxes <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.12	Medidas adoptadas contra a contaminación atmosférica	X	X
3.2.12.1	Dispositivo de reciclaxe dos gases do cárter, só os motores de catro tempos (descrición e debuxos)	X	X
3.2.12.2	Dispositivos suplementarios contra a contaminación (se existen e se non están incluídos noutra epígrafe)	X	X
3.2.12.2.1	Catalizador: si/non <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.12.2.1.1	Número de catalizadores e elementos	X	X
3.2.12.2.1.2	Dimensións. Forma e volume do catalizador ou catalizadores	X	X
3.2.12.2.1.3	Tipo de actuación catalítica	X	X
3.2.12.2.1.4	Carga total de metais preciosos	X	X
3.2.12.2.1.5	Concentración relativa	X	X
3.2.12.2.1.6	Substrato (estrutura e material)	X	X
3.2.12.2.1.7	Densidade celular	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
3.2.12.2.1.8	Tipo de carcasa do catalizador ou catalizadores	X	X
3.2.12.2.1.9	Localización do catalizador ou catalizadores (lugar e distancia de referencia no sistema de escape)	X	X
3.2.12.2.2	Sonda de oxíxeno: si/non <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.12.2.2.1	Tipo	X	X
3.2.12.2.2.2	Localización	X	X
3.2.12.2.3	Inxección de aire: si/non <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.12.2.3.1	Tipo (aire impulsado, bomba de aire, etc.)	X	X
3.2.12.2.4	Reciclaxe dos gases de escape: si/non <sup>(1)</sup>	X	X
3.2.12.2.4.1	Características (valor do fluxo, etc.)	X	X
3.2.12.2.5	Outros sistemas (descricao e funcionamento)	X	X
3.3	Motor eléctrico de tracción	X	X
3.3.1	Tipo (bobinado, excitación)	X	X
3.3.1.1	Potencia máxima por hora <sup>(1)</sup>	X	X
3.3.1.2	Tensión en marcha	X	X
3.3.2	Batería	X	X
3.3.2.1	Número de elementos	X	X
3.3.2.2	Masa	X	X
3.3.2.3	Capacidade	X	X
3.3.2.4	Posición	X	X
3.4	Outros motores ou combinación de motores (información específica en canto ás partes deses motores)	X	X
3.5	Temperaturas indicadas polo fabricante	X	X
3.5.1	Sistema de refrixeración	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
3.5.1.1	Refrixeración por líquido	X	X
	Temperatura máxima na saída	X	X
3.5.1.2	Refrixeración por aire	X	X
3.5.1.2.1	Punto de referencia	X	X
3.5.1.2.2	Temperatura máxima no punto de referencia	X	X
3.6	Sistema de lubricación	X	X
3.6.1	Descrición do sistema	X	X
3.6.1.1	Localización do depósito de lubricante (se o hai)	X	X
3.6.1.2	Sistema de alimentación (bomba/inxección na admisión/mestura co combustible, etc) <sup>(1)</sup>	X	X
3.6.2	Lubrificante mesturado co combustible	X	X
3.6.2.1	Porcentaxe	X	X
3.6.3	Refrixerador de aceite <sup>(1)</sup>	X	X
3.6.3.1	Debuxo ou debuxos	X	X
3.6.3.1.1	Marca ou marcas	X	X
3.6.3.1.2	Tipo ou tipos	X	X
4	<b>TRANSMISIÓN <sup>(h)</sup></b>		
4.1	Esquema do sistema de transmisión	X	X
4.2	Tipo (mecánica, hidráulica, eléctrica, etc.)	X	X
4.3	Embrague (tipo)	X	X
4.4	Caixa de cambios	X	X
4.4.1	Tipo: automática/manual <sup>(1)</sup>	X	X
4.4.2	Tipo de mando: de man/de pé <sup>(1)</sup>	X	X
4.5	<b>RELACIÓNS DA TRANSMISIÓN</b>	X	X



N	R1	R2	R3	Rt
1				
2				
3				
4				
5				

**N:** combinación de velocidade

**R1:** relación do primario (relación entre o réxime do motor e a velocidade de rotación do eixe primario da caixa)

**R2:** relación do secundario (relación entre a velocidade de rotación do eixe primario e a velocidade de rotación do eixe secundario da caixa)

**R3:** relación final (relación entre a velocidade de rotación do eixe de saída da caixa e a velocidade de rotación das rodas motoras)

**Rt:** redución total

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
4.5.1	Breve descripción dos compoñentes eléctricos e/ou electrónicos utilizados na transmisión	X	X
4.6	Velocidade máxima do vehículo e combinación de velocidade a que se alcanza esta (en quilómetros por hora) <sup>(1)</sup>	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
4.7	Velocímetro e contaquilómetros: si/non	X	X
4.7.1	Marca(s)	X	X
4.7.2	Tipo(s)	X	X
4.7.3	Fotos e/ou esquemas representativos do sistema completo	X	X
4.7.4	Rango de velocidades indicadas	X	X
4.7.7	Funcionamento do sistema de activación	X	X
5	<b>SUSPENSIÓN</b>		
5.1	Debuxo ou fotografía dos órganos de suspensión	X	X
5.2	Pneumáticos (categoría, dimensións e carga máxima) e lamias normalmente montados	X	X
5.2.1	Circunferencia de rodadura nominal	X	X
5.2.2	Presión dos pneumáticos recomendada polo fabricante (kPa)	X	X
5.2.3	Combinación ou combinacións pneumáticos/lamia	X	X
5.2.4	Símbolo da mínima categoría de velocidade compatible coa velocidade máxima teórica por construción do vehículo	X	X
5.2.5	Índice de carga mínimo coa máxima carga en cada pneumático	X	X
6	<b>DIRECCIÓN</b>		
6.1	Mecanismo de dirección e mandos	X	X
6.1.1	Tipo de mecanismo	X	X
6.1.2	Breve descrición dos compoñentes eléctricos e electrónicos utilizados no sistema de dirección	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
7	<b>FREOS</b>		
7.1	Esquema xeral dos dispositivos de freada	X	X
7.2	Freo dianteiro e traseiro, de disco e/ou de tambor <sup>(1)</sup>	X	X
7.3	Debuxo dos elementos de freada	X	X
7.3.1	Zapatas e/ou pinza <sup>(1)</sup>	X	X
7.3.2	Forros e/ou pastillas <sup>(1)</sup>	X	X
7.3.3	Pancas e/ou pedais de freo <sup>(1)</sup>	X	X
7.3.4	Depósito(s) de líquido hidráulico (se for o caso)	X	X
7.4	Outros dispositivos (se for o caso): deseño e descrición dos compoñentes eléctricos e electrónicos utilizados no sistema de freos	X	X
8	<b>DISPOSITIVO DE ILUMINACIÓN E DE SINALIZACIÓN LUMINOSA</b>		
8.1	Lista de todos os dispositivos (citar número, marca(s), modelo(s), marca(s) de homologación, intensidade máxima das luces de estrada, cor, luz avisadora correspondente)	X	X

Dispositivo	N.º	Marca e modelo	Marca de homologación	Máx. intensidade	Avisador	Cor
Prox. estrada						
Prox. cruzamento						
Luz de posición dianteira						
Luz posición traseira						
Luz de freo						
Luz de matrícula						
Indicadores dirección						
Catadióptrico posterior						

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
8.2	Esquema que mostre a posición dos dispositivos de iluminación e de sinalización luminosa	X	X
8.3	Sinal de alarma (se existe)	X	X
8.4	Dispositivos suplementarios para vehículos especiais	X	X
9	<b>EQUIPAMENTOS</b>		
9.1	Dispositivos de enganche (se for o caso)	X	X
9.1.1	Tipo(s): <sup>(1)</sup>	X	X
9.1.2	Fotografías e/ou debuxos que mostren a posición e a construción do dispositivo ou dispositivos de enganche	X	X
9.1.3	Cargas máximas	X	X
9.2	Disposición e identificación dos mandos, luces avisadoras e indicadores	X	X
9.2.1	Fotografías e/ou debuxos da disposición dos símbolos, mandos, luces avisadoras e indicadores	X	X
9.3	Inscripcións regulamentarias		
9.3.1	Fotografías e/ou debuxos que mostren o lugar das inscricións regulamentarias e do número de chasis	X	X
9.3.2	Fotografías e/ou deseños que mostren a parte oficial das inscricións (exemplo completo con indicación das dimensións)	X	X
9.3.3	Fotografías e/ou deseño do número de chasis (exemplo con indicación das dimensións)	X	X
9.4	Dispositivo(s) de protección contra uso non autorizado		
9.4.1	Tipo de dispositivo(s)	X	X
9.4.2	Resumo descritivo dos dispositivo(s) usados	X	X
9.5	Dispositivo(s) de alarma sonoros	X	X
9.5.1	Resumo descritivo dos dispositivo(s) usados e dos seus propósitos	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Categoría L	Completos/ completados	Incompletos
9.5.2	Marca(s)	X	X
9.5.3	Tipo(s)	X	X
9.5.4	Marca de homologación ou, se for o caso, identificación segundo informe de laboratorio	X	X
9.5.5	Plano ou fotografía da localización	X	X
9.5.6	Detalles do método de fixación, incluíndo a parte da estrutura do vehículo a que se fixaron os dispositivo(s) de alarma sonoros	X	X
9.6	Situación da placa de matrícula traseira (indicaranse variantes cando sexa necesario; poderanse usar debuxos cando sexa apropiado)	X	X
9.6.1	Inclinación do plano en relación coa vertical		

## Parte II

### B. FICHA DE CARACTERÍSTICAS RELATIVAS ÚNICAMENTE AOS CICLOMOTORES DE DÚAS RODAS E MOTOCICLETAS

Achegarase a información que figura a continuación, presentarase e irá acompañada dunha lista dos elementos incluídos. Os planos, se for o caso, presentarase á escala adecuada, suficientemente detallados e en formato A4 ou dobrados ao dito formato. As fotografías, se as houber, serán suficientemente detalladas.

Se os sistemas, compoñentes ou unidades técnicas independentes teñen funcións controladas electronicamente, subministrarse información relativa ás súas prestacións.

Nas epígrafes que correspondan a vehículos completos/completados/incompletos, ríscarase o que non proceda.

No caso de vehículos completados, cubriranse todas as epígrafes, incluídas as correspondentes ao vehículo incompleto, que se documentará coa información que proveña de fases anteriores.

Epígrafe	Ficha de características Ciclomotores de 2 rodas e motocicletas	Completos/ completados	Incompletos
1	<b>EQUIPAMENTOS</b>		
1.1	Retrovisor ou retrovisores (facilitar os seguintes datos para cada retrovisor)	X	X
1.1.1	Marca	X	X
1.1.2	Marca de homologación	X	X
1.1.4	Debuxo ou fotografías que mostre(n) a localización do retrovisor ou dos retrovisores con respecto á estrutura do vehículo	X	X
1.1.5	Precisións relativas ao modo de fixación, incluído todo o referente á parte da estrutura do vehículo a que se fixa o retrovisor	X	X
1.2	Pé(s) de apoio		
1.2.1	Tipo: central/lateral	X	X
1.2.2	Debuxos que mostren a situación dos patín(s) en relación coa estrutura do vehículo	X	
1.3	Fixacións para sidecar (se procede)	X	X
1.3.1	Fotografías e/ou deseño que mostren a súa localización e construción	X	X
1.4	Dispositivos de retención para pasaxeiros		
1.4.1	Tipo: cinchas e/ou agarradoiras	X	X
1.4.2	Fotografías e/ou deseño que mostren a súa localización	X	X
1.6	Fotografías e esquemas da localización da placa antimanipulación	X	X

**C. CARACTERÍSTICAS RELATIVAS UNICAMENTE AOS CICLOMOTORES DE TRES RODAS, VEHÍCULOS DE TRES RODAS E CUADRICICLOS**

Epígrafe	Ficha de características. Ciclomotores de 3 rodas, vehículos de 3 rodas e cuatriciclos	Completos/ completados	Incompletos
1	DIMENSIÓNS E MASAS (mm e kg) (esc referencia aos esbozos)		
1.1	Dimensións para carrozar un vehículo non carrozado		
1.1.1	Lonxitude		X
1.1.2	Largura		X
1.1.3	Altura en baleiro		X
1.1.4	Saínte dianteiro		X
1.1.5	Saínte traseiro		X
1.1.6	Posicións do centro de gravidade do vehículo carrozado		X
1.2	Masas		
1.2.1	Carga útil máxima declarada polo fabricante (1)	X	
2	Equipamentos		
2.1	Carrozaría		
2.1.1	Natureza da carrozaría	X	X
2.1.2	Esquema con cotas do conxunto interior <sup>(3)</sup>	X	X
2.1.3	Esquema con cotas do conxunto exterior <sup>(3)</sup>	X	X
2.1.4	Materiais e modo de construción	X	X
2.1.5	Portas para os ocupantes, fechaduras e bisagras	X	X
2.1.6	Configuración, dimensións, sentido e ángulo de apertura máxima das portas	X	X
2.1.7	Debuxo das fechaduras e bisagras e do seu localización nas portas	X	X
2.1.8	Descrición técnica das fechaduras e bisagras	X	X

Epígrafe	Ficha de características. Ciclomotores de 3 rodas, vehículos de 3 rodas e cuadríciclos	Completos/ completados	Incompletos
2.2	Parabrisas e outros cristais		
2.2.1	Parabrisas	X	X
2.2.1.1	Materiais utilizados	X	X
2.2.2	Outros cristais	X	X
2.3	Limpaparabrisas		
2.3.1	Descrición técnica	X	X
2.4	Lavaparabrisas		
2.4.1	Descrición técnica con fotografías ou planos	X	X
2.5	Desxeado e desembazado		
2.5.1	Descrición técnica (con fotografías ou planos)	X	X
2.6	Retrovisor(es); número instalado	X	X
2.6.1	Marca	X	X
2.6.2	Marca de homologación	X	X
2.6.4	Planos que mostren a localización do retrovisor ou dos retrovisores con respecto á estrutura do vehículo	X	X
2.7	Asentos/selas		
2.7.1	Número e descrición (asentos ou selas)	X	X
2.7.2	Localización (fila e posición)	X	X
2.8	Sistema de calefacción do habitáculo	X	X
2.9	Cintos de seguridade		
2.9.1	Número e localización dos cintos de seguridade (indicar contrasinais de homologación destes)	X	X
2.10	Ancoraxes		
2.10.1	Número e localización das ancoraxes	X	X



Epígrafe	Ficha de características.	Completos/ completados	Incompletos
	Ciclomotores de 3 rodas, vehículos de 3 rodas e cuadríciclos		
2.10.2	Fotografías e/ou planos da carrozaría que mostren a localización e as dimensións das ancoraxes así como o punto R	X	X
2.10.3	Planos das ancoraxes e das partes da estrutura do vehículo a que están fixadas (con indicación dos materiais)	X	X
2.10.4	Denominación dos tipos de cintos (*). Indicar os localizacións das ancoraxes (estrutura do vehículo ou do asento)	X	X
2.10.5	Descrición do tipo particular de cinto en que unha ancoraxe está fixada ao respaldo do asento ou que inclúe un dispositivo de dispersión de enerxía.	X	X

A: cinto de tres puntos

B: cinto subabdominal

S: tipos especiais de cintos; neste caso precisar o tipo na epígrafe "observacións"

Ar, Br ou Sr: cinto que inclúe retractor.

Are, Bre ou Sre: cinto provisto de retractor e dun dispositivo de absorción de enerxía nunha ancoraxe polo menos.

#### Notas explicativas

(1) Risque o que non proceda (se é aplicable máis dunha opción non é necesario riscar nada).

(2) Especifique a tolerancia.

(3) No caso de vehículos incompletos indíquense as magnitudes máximas carrozables

(a) No caso dos dispositivos homologados poderase substituír a descrición por unha de referencia á homologación. Así mesmo, non será necesaria a descrición dos elementos claramente visibles nos esquemas ou esbozos adxuntos á ficha. Para cada punto a que se deben xuntar fotografías e planos indíquense os números dos anexos correspondentes.

(b) Os medios de identificación, cando se utilicen, só poderán aparecer, nos vehículos, unidades técnicas ou compoñentes incluídos no ámbito de aplicación da directiva específica que regule a homologación.

Se o medio de identificación do tipo presenta caracteres non pertinentes para a descrición dos tipos de vehículos, unidades técnicas independentes ou compoñentes a que se refire esta ficha de características, os ditos caracteres serán substituídos, na documentación, polo signo "?" (por exemplo, ABC??123??).

(c) Clasificación segundo as seguintes categorías:

- ciclomotores de dúas rodas (L1e),
- ciclomotores de tres rodas (L2e),
- motocicletas (L3e)
- motocicletas con sidecar (L4e)
- vehículos de tres rodas (L5e)
- cuadríciclos lixeiros (L6e)
- outros cuadríciclos distintos dos lixeiros referidos na letra b) (L7e)

(d) 1. Masa en baleiro: masa do vehículo listo para ser usado en condicións normais e dotado dos equipamentos seguintes:

- equipamento auxiliar exixido unicamente para a utilización normal considerada.
- equipamento eléctrico completo, incluídos os dispositivos de iluminación e sinalización luminosa subministrados polo fabricante.
- instrumentos e dispositivos exixidos pola lexislación para a que se realiza unha medición da masa en baleiro do vehículo.
- complementos líquidos apropiados para asegurar o bo funcionamento de todas as partes do vehículo.

N.B.: o combustible e a mestura de combustible e aceite non se incluírán na medición, pero si se deberán incluír elementos tales como o ácido do acumulador, o líquido para os circuitos hidráulicos, o líquido refrixerante e o aceite do motor.

2. Masa en orde de marcha: masa en baleiro á cal se engade a masa dos elementos seguintes:

- combustible: depósito cheo como mínimo ao 90 % da capacidade especificada polo fabricante.
- equipamento auxiliar normalmente subministrado polo fabricante ademais do equipamento necesario para un funcionamento normal (caixa de ferramentas, portaequipaxes, parabrisas, equipamento de protección, etc.)

N.B.: no caso de que un vehículo funcione cunha mestura de combustible e aceite:

- a) Cando o combustible e o aceite fosen mesturados previamente, o termo "combustible" deberase interpretar de forma que inclúa a dita mestura previa de combustible e aceite.
  - b) Cando o combustible e o aceite se introduzan por separado, o termo "combustible" deberase interpretar de forma que só inclúa gasolina. Neste caso, o aceite estará xa incluído na medición da masa en baleiro.
3. Masa máxima tecnicamente admisible: masa calculada polo fabricante para unhas condicións de explotación determinadas, tendo en conta elementos tales como a resistencia dos materiais, a capacidade de carga dos pneumáticos, etc.
  4. Carga útil máxima declarada polo fabricante: carga obtida mediante o cálculo da diferenza entre a masa definida no número 2 con condutor e a masa definida no número 3.
  5. A masa do condutor estímase invariablemente en 75 kg.

- (e) Para os motores e sistemas non convencionais, o fabricante deberá proporcionar datos equivalentes aos especificados nesta letra.
- (f) Arredóndese esta cifra con precisión dunha décima de milímetro.
- (g) Calcule o valor (a partir de  $\pi = 3,1416$ ) e arredonde ao  $\text{cm}^3$ .
- (h) Especifique os datos para todas as variantes eventualmente propostas.
- (i) Admítese unha marxe de tolerancia do 5 %, sempre que non se superen os valores límite establecidos.
- (j) Por “punto R” ou “punto de referencia dunha praza de asento” enténdese o punto de referencia indicado polo fabricante, que:
  - ten unhas coordenadas determinadas con respecto á estrutura do vehículo.
  - corresponde á posición teórica do punto de rotación torso/coxas (punto H) para a postura de condución ou utilización normal máis baixa e co asento desprazado cara atrás ao máximo, segundo indicación do fabricante do vehículo para cada unha das prazas de asento previstas por el.
  - poderá ser tomado como referencia á vontade das autoridades competentes, para todas as prazas de asento que non sexan as dianteiras nas cales o “punto H” non se pode determinar por medio do “sistema de referencia tridimensional” ou dos procedementos para a determinación do “punto H”
- (k) En espera de que se adapte a correspondente directiva, esta cifra deberase fixar de conformidade coa norma internacional CEI/IEC 60034-1 (10.2, 1999-08).
- (l) Norma UNE 26-324:83, Norma UNE 26-312:95, Norma UNE 26-313-1:95 e Norma UNE 26-313-2:95

En calquera caso cumprírase coas últimas modificacións en vigor das referencias normativas.

## Parte III

## Modelo de ficha reducida

Ficha reducida vehículos de categoría L			
Datos	Incompleto	Completado	Completo
Marca	X	X	X
Tipo	X	X	X
Variante	X	X	X
Versión	X	X	X
Denominación comercial	X	X	X
Categoría do vehículo	X	X	X
Nome e enderezo do fabricante do vehículo de base	X	X	X
Nome e enderezo do fabricante da última fase de fabricación do vehículo		X	
Nome e enderezo do solicitante ou representante do fabricante	X	X	
Localización da placa do fabricante	X	X	X
Parte fixa VIN	X	X	X
Localización do número de identificación do vehículo (VIN)	X	X	X
Localización da placa antimanipulación (ESC)	X	X	X
Número de homologación CE	X	X	
Data:	X	X	

Ficha reducida vehículos de categoría L			
Datos	Incompleto	Completado	Completo
<b>CONSTITUCIÓN XERAL DO VEHÍCULO</b>			
Tipo de bastidor	X	X	X
N.º de eixes e rodas	X	X	X
Eixes motrices	X	X	X
Distancia entre eixes	X	X	X
<b>MASAS E DIMENSIÓNS (en mm e kg)</b>			
Vía dianteira	X	X	X
Vía traseira	X	X	X
Lonxitude		X	X
Lonxitude máxima admisible do vehículo completado	X		
Largura		X	X
Largura máxima admisible do vehículo completado	X		
Altura		X	X
Sainte dianteiro/traseiro		X	X
Masa do vehículo con carrozaría en orde de marcha		X	X
Distribución desta masa entre os eixes	X		
Masa máxima en carga tecnicamente admisible	X	X	X
Masa máxima en carga tecnicamente admisible 1º eixe	X	X	X
Masa máxima en carga tecnicamente admisible 2º eixe	X	X	X

Ficha reducida vehículos de categoría L			
Datos	Incompleto	Completado	Completo
Masa máxima remolcable: con freo/sen freo (se for o caso)	X	X	X
<b>UNIDADE MOTRIZ</b>			
Fabricante ou marca do motor	X	X	X
Código marcado no motor	X	X	X
<b>MOTOR DE COMBUSTIÓN INTERNA</b>			
Principio de funcionamento	X	X	X
Número e disposición dos cilindros	X	X	X
Cilindrada	X	X	X
Tipo de combustible ou fonte de enerxía	X	X	X
Potencia neta máxima (kW) a (min-1)	X	X	X
Tipo de refrixeración	X	X	X
Sistema de alimentación (carburador/inxección)	X	X	X
Relación de potencia máx./masa do vehículo en orde de marcha		X	X
<b>MOTOR ELÉCTRICO</b>			
Potencia máxima continua (kW)	X	X	X
<b>MOTOR HÍBRIDO (SI/NON)</b>			
Tipo	X	X	X
<b>TRANSMISIÓN</b>			
Embrague (tipo)	X	X	X
Caixa de cambios (tipo)	X	X	X
N.º de relacións	X	X	X
Relación final	X	X	X
Relación de transmisión	X	X	X

Ficha reducida vehículos de categoría L			
Datos	Incompleto	Completado	Completo
<b>SUSPENSIÓN</b>			
Breve descripción do tipo de suspensión dianteira	X	X	X
Breve descripción do tipo de suspensión traseira	X	X	X
Designación da medida do pneumático eixe 1 (indicar índices de carga e velocidade mínimos)	X	X	X
Designación da medida do pneumático eixe 2, (indicar índices de carga e velocidade mínimos)	X	X	X
Regulamento de homologación de pneumáticos	X	X	X
<b>DIRECCIÓN</b>			
Dirección	X		
<b>FREADA</b>			
Breve descripción do dispositivo de freada de servizo (dianteiro/traseiro/combinado)	X	X	X
Dispositivos de freada situados no eixe dianteiro	X	X	X
Dispositivos de freada situados no eixe traseiro	X	X	X
Dispositivo de freada de estacionamento			
ABS: si/non	X	X	X
<b>CARROZARÍA</b>			
Tipo de carrozaría		X	X

Ficha reducida vehículos de categoría L			
Datos	Incompleto	Completado	Completo
Número e disposición das portas	X	X	X
Número e localización dos asentos	X	X	X
N.º de prazas	X	X	X
Marca de homologación CE do dispositivo de enganche, se for o caso	X	X	X
Tipos ou clases de dispositivos de enganche que se poden instalar	X	X	X
Valores característicos: D/S	X	X	X
Nivel de ruído parado: dB(A) a min-1	X	X	X
Referencia de silenciosos			
Marca	X	X	X
Referencia	X	X	X
Catalizador	X	X	X
Valor de CO (g/min) en ciclomotores (% volume) outras categorías	X	X	X
Valor corrixido coeficiente absorción: min-1 (para acendido compresión)	X	X	X
Emisión de CO <sub>2</sub> (combinado) (se for o caso)	X	X	X
Potencia fiscal (CVF)	X	X	X
Observacións	X	X	X
Opcións incluídas na homologación de tipo	X	X	X
Sinatura autorizada segundo o RFSR	X	X	X



#### Parte IV

##### Matriz das diferentes combinacións de tipo/variante/versión (TVV)

Cadro que mostra as combinacións autorizadas nas diferentes versións de vehículos das epígrafes da parte I que teñen varias subepígrafes. Para cada un destes conceptos utilizarase neste cadro unha letra prefixo que indicará que concepto (ou conceptos) dun punto concreto son aplicables a unha versión determinada.

Cubrirase un cadro por cada variante dentro dun mesmo tipo.

Exclúense desta definición os vehículos en que o condutor viaxa a carranchapernas e o mando de dirección é de tipo guiador, así como os vehículos de categoría N definidos na Directiva 2007/46/CEE.

#### PARTE II

#### FICHA DE CARACTERÍSTICAS

Se procede achegar a información que figura a continuación, presentarse en soporte adecuado (papel ou informático) e irá acompañada dunha lista dos elementos incluídos. Os planos, se é o caso, presentaranse á escala adecuada, suficientemente detallados e en formato A4 ou dobrados para que se axusten a este formato. As fotografías, se as houber, serán suficientemente detalladas.

Epígrafe	Ficha de características. Tractocarros
<b>0</b>	<b>XENERALIDADES</b>
0.1	Marca
0.2	Identificación
0.2.1	Tipo
0.2.2	Variantes
0.2.3	Versión
0.2.4	Denominación comercial
0.3	Clasificación (1): agrícola/obras/servizos
0.4	Nome e enderezo do fabricante
0.5	Nome e enderezo do representante do fabricante
0.6	Localización e modo de colocación das placas e inscricións regulamentarias
0.6.1	Localización da placa do fabricante (2)
0.6.2	Localización do número de identificación do vehículo (3)
0.7	A numeración na serie do modelo para identificación do vehículo empeza no número
<b>1</b>	<b>CONSTITUCIÓN XERAL</b> (Xuntar fotografías, $\frac{3}{4}$ dianteira e $\frac{3}{4}$ traseira, así como un esquema con cotas do seu conxunto)
1.1	Número de eixes e rodas
1.2	Rodas motrices
1.3	Localización e disposición do motor
<b>2</b>	<b>DIMENSIÓNS E MASAS (mm e kg)</b>
2.1	Distancia entre eixes
2.2	Largura de vía en cada eixe
2.3	Dimensións do vehículo

Epígrafe	Ficha de características. Tractocarros
2.3.1	Lonxitudes
2.3.1.1	Lonxitude total
2.3.2	Larguras
2.3.2.1	Largura total de cabina/carrozaría
2.3.3	Altura en baleiro
2.3.3.1	Altura total do vehículo
2.3.3.2	Distancia mínima ao chan
2.3.3.3	Ángulos de entrada e saída
2.4	Tara (4)
2.5	Masa en baleiro en orde de marcha sen accesorios discretos, pero con líquido de refrixeración, lubricantes, combustibles, ferramentas e condutor (o peso do condutor estímase en 75 kg) (4)
2.5.1	Repartición desta masa entre os eixes
2.6	Masas máximas tecnicamente admisibles declaradas polo fabricante
2.6.1	Masa máxima en carga tecnicamente admisible declaradas polo fabricante
2.6.4.2	Masa no primeiro eixe
2.6.2.3	Masa no segundo eixe
2.7	Masa máxima remolcable
2.7.1	Remolque sen freos
2.7.2	Remolque con freos
2.8	Masa máxima autorizada (MMA)
<b>3</b>	<b>MOTOR</b>
3.1	Marca e fabricante
3.2	Modelo
3.3	Tipo e ciclo
3.4	Número e disposición dos cilindros

Epígrafe	Ficha de características. Tractocarros
3.5	Diámetro, carreira e cilindrada
3.6	Potencia nominal do motor: ..... kW a: ..... min-1 con axuste de serie
3.6.1	Número de homologación de contaminantes do motor (fase de emisións)
3.6.2	Potencia fiscal (CVF)
3.7	Carburante ou combustible normalmente utilizado
3.8	Situación e capacidade do depósito de combustible
3.9	Alimentación do motor
3.10	Instalación eléctrica a .... v.
3.10.1	... baterías de ... v.
3.10.2	Alternador
3.11	Refrixeración
3.12	Silenciador
<b>4</b>	<b>TRANSMISIÓN</b> (Xuntar esquema da transmisión de todas as variantes previstas)
4.1	Tipo de transmisión
4.2	Embrague
4.2.1	Tipo
4.3	Caixa de cambio
4.3.1	Marca e modelo
4.3.2	Tipo de caixa e mando
4.3.3	Marchas
	Grupo diferencial
4.4	Relación do par cónico Bloqueo do diferencial
4.5	Desmultiplicación da transmisión

Epígrafe	Ficha de características. Tractocarros
4.6	Velocidade do vehículo en km/h, correspondente ao réxime nominal do motor, cos pneumáticos definidos no número 5.1
4.7	Velocidade teórica máxima
5	<b>ÓRGANOS DE SUSPENSIÓN</b>
5.1	Pneumáticos (serie e opcionais)
5.1.1	Dimensións
5.1.2	Índice de capacidade de carga mínima
5.1.3	Índice mínimo de velocidade
5.2	Tipo de suspensión (se existe) para cada eixe ou roda (xuntar esquema)
6	<b>DIRECCIÓN</b> (Xuntar esquema)
6.1	Dirección
6.1.1	Tipo
6.1.2	Diámetro do volante
6.1.3	Mecanismo, tipo
6.1.4	Número de voltas do volante / ángulo de xiro máximo de roda
6.2	Raio mínimo do espazo de xiro (5)
6.2.1	Á dereita
6.2.2	Á esquerda
7	<b>FREADA</b> (Xuntar esquema do cinematismo e dos principais elementos dos freos: tambor, zapatas, discos, etc.)
7.1	Freo de servizo
7.1.1	Tipo de actuación e circuío

Epígrafe	Ficha de características. Tractocarros
7.1.2	Cálculo dos freos de servizo
7.1.3	Superficie de freada: cm <sup>2</sup>
7.2	Freo de socorro
7.3	Freo de estacionamento
7.4	Dispositivo para a freada de remolque
7.4.1	Descrición e características
7.5	Fontes de enerxía, se existe (características)
<b>8</b>	<b>POSTO DO CONDUTOR</b>
8.1	Descrición xeral
8.2	Retrovisores
8.3	N.º de asentos
8.4	Instrumentación
8.5	Mandos
<b>9</b>	<b>CABINA</b>
9.1	Tipo e modelo
9.2	Portas: número
9.3	Campo de visión directa
9.4	Parabrisas e outros vidros
9.5	Limpaparabrisas: n.º de vasoiriñas
9.6	Lavaparabrisas: n.º de surtidores
<b>10</b>	<b>DISPOSITIVOS DE ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN LUMINOSA</b> (Xuntar esquema exterior da máquina coa localización con cotas da súa instalación)

Epígrafe	Ficha de características. Tractocarros
10.1	Dispositivos obrigatorios (número, cor e marca de homologación)
10.2	Dispositivos facultativos (número, cor e marca de homologación)
<b>11</b>	<b>VARIOS</b>
11.1	Avisadores acústicos
11.2	Dispositivo de enganche do remolque (6)
11.2.1	Boca de enganche
11.2.1.1	Medidas principais
11.2.1.2	Material
11.2.2	Cargas máximas tecnicamente admisibles declaradas polo fabricante
11.2.2.1	Carga vertical
11.2.2.2	Carga horizontal
11.3	Toma de corrente para alimentación dos dispositivos de iluminación, sinalización luminosa e servizo do remolque (7)
11.4	Localización da placa de matrícula traseira

### Notas explicativas

- (1) Rísquese o que non proceda
- (2) UNE 68063 (\*)
- (3) UNE 68064 (\*)
- (4) UNE 26086
- (5) UNE 68066
- (6) UNE mentres non se desenvolvan as normas UNE aplicables na súa última modificación, poderanse aceptar as normas ISO desenvolvidas ou equivalentes na súa última versión para o cumprimento do apéndice 5.
- (7) UNE 26171
- (\*) Mentres non sexan desenvolvidas as actualizacións das normas UNE, non poderán ser utilizadas. Ver apéndice 5.

En calquera caso, cumprírase coas últimas modificacións en vigor das referencias normativas.

## PARTE III

## Modelos de fichas reducidas

<b>Ficha reducida. Tractocarros</b>
Número de homologación
Marca
Identificación
Localización
Tipo
Variantes
Versión
Denominación comercial (marca e modelo)
Clasificación: (rísquese o que non proceda) agrícola/obras/servizos
Xénero
<b>DIMENSIÓNS E MASAS MÁXIMAS</b>
Distancia entre eixes
Largura de vía de cada eixe
Lonxitude
Saínte traseiro
Lonxitude de caixa (máx.)
Largura
Altura
Tara
Masa en baleiro en orde de marcha sen accesorios discretionais, pero con líquido de refrixeración, lubricantes, combustibles, ferramentas e condutor (o peso do condutor estímase en 75 kg)
<b>Masa máxima tecnicamente admisible</b>
Masa máxima en carga tecnicamente admisible (MMTA)
No primeiro eixe



<b>Ficha reducida. Tractocarros</b>
No segundo eixe
<b>Masas máximas remolcables</b>
Sen freos
Con freos
Masa máxima autorizada
<b>MOTOR</b>
Marca
Modelo
N.º de cilindros
Cilindrada (cm <sup>3</sup> )
Potencia nominal do motor: ..... kW a: ..... min-1 con axuste de serie
Número de homologación de contaminantes do motor (fase de emisións)
Potencia fiscal (CVF)
Tipo de carburante
Situación e capacidade do depósito
<b>INSTALACIÓN ELÉCTRICA (V)</b>
Batería (A)
Alternador (kW)
<b>SISTEMA DE REFRIXERACIÓN</b>
<b>TRANSMISIÓN</b>
Tipo
Embrague
Tipo
<b>CAIXA DE CAMBIOS</b>
Caixa de cambio
Marca e modelo

<b>Ficha reducida. Tractocarros</b>
Tipo de caixa e mando
<b>SUSPENSIÓN</b>
Pneumáticos (serie e opcionais)
Dimensións
Índice de capacidade de carga mínima
Índice mínimo de velocidade
Tipo de suspensión (se existe) para cada eixe ou roda
<b>DIRECCIÓN</b>
Tipo
Diámetro do volante (mm)
Relación
<b>DISPOSITIVO DE FREADA</b>
Freo de servizo (tipo)
Superficie de freada: cm <sup>2</sup>
Freo de estacionamento
Fontes de enerxía, se existe (características)
<b>POSTO DO CONDUTOR</b>
Espellos retrovisores
N.º de asentos/Prazas
<b>INDICADORES</b>
Presión de aceite
Contahoras
Velocímetro
Nivel de combustible
<b>AVISADORES</b>
Carga xerador

<b>Ficha reducida. Tractocarros</b>
Indicadores de dirección
Presión de aceite
Nivel de líquido de freos
Freo de estacionamento
<b>DISPOSITIVOS DE ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN LUMINOSA</b>
Dispositivos obrigatorios/facultativos
<b>DISPOSITIVO DE ACOPLAMENTO</b>
<b>Fabricante</b>
<b>Representante do fabricante</b>
<b>Data</b>
<b>Observacións</b>

## PARTE IV

**Matriz das diferentes combinacións de tipo/variante/versión (TVV)**

Cadro que mostra as combinacións autorizadas nas diferentes versións de vehículos das epígrafes da parte I que teñen varias subepígrafes. Para estes elementos utilizarase neste cadro unha letra prefixo que indicará que concepto ou conceptos dun elemento concreto son aplicables a unha versión determinada.

Cubrirase un cadro por cada variante dentro dun tipo.

Os conceptos múltiples que se poden combinar sen restrición dentro dunha variante enumeraranse na columna denominada «Todas as versións».

Número de elemento	Todas as versións	Versión 1	Versión 2	etc.	Versión n

Poderanse presentar estes datos doutra maneira sempre que se alcance o obxectivo inicial.

Cada variante e cada versión deberánse identificar mediante un código numérico ou alfanumérico que se deberá indicar tamén na tarxeta ITV do vehículo de que se trate.

## PARTE V

**Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas**

Números de homologación dos actos regulamentarios.

Asunto	Número de homologación	Variantes/versións

## APÉNDICE 4

### Homologación individual

#### Parte I

#### Campo de aplicación

O campo de aplicación deste apéndice esténdese ás categorías de vehículos segundo se definen na parte I do apéndice 2 deste anexo.

A definición de tipo de vehículos, así como os modelos de números de homologación, serán os establecidos no apéndice 1 deste anexo.

#### Parte II

#### Modelo de ficha reducida

Os modelos de fichas reducidas son os establecidos na parte III do apéndice 2.

#### Parte III

#### Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas

Seguirase o formato definido no apéndice 2, parte IV. Aplicaranse os requisitos establecidos no apéndice 5.

## APÉNDICE 5

Lista de requisitos exixidos para a homologación nacional de tipo e homologación individual do vehículo, as súas partes e pezas

N.º	Asunto	Regulamentación (*)	Homologación nacional de tipo (H)	Homologación individual (H)
	Contaminación de máquinas móbiles non de estrada	2000/25/CE	C (2)(6) C (4)(6)	C (2)(6) C (4)(6)
	Masas e dimensións	74/151 CEE (I)	C (RXV)	C (RXV)
	Placas traseiras de matrícula	74/151 CEE (II)	C (RXV)	C (RXV)
	Freada	76/432/CEE 71/320/CEE R13	C (RXV)	C (RXV)
	Instalación dos dispositivos de iluminación	78/933/CEE	C (2) (6) (RXV) C (4) (6) (RXV)	C (2) (6) (RXV) C (4) (6) (RXV)
	Avisador acústico	74/151/CE V ou 70/388/CE ou R28	X(2) A(4)	A(6)
	Retrovisores	74/346/CE ou 2003/97/CE	X(2) A(4)	A(6)
	Parabrisas e outros vidros	89/173/CE (III) 92/22/CE	X(2) B(4)	X(2) B(4)
	Enganches mecánicos	89/173/CE (IV) ou 94/20/CE	C (2)(6) C (4)(6)	C (2)(6) C (4)(6)
	Localización e forma de colocación das placas e inscricións regulamentarias	89/173/CE (V) ou 76/114/CE	C (RXV)	C (RXV)
	Mando de freada para remolque/máquina remolcada	89/173/CE (VI)	A	C

**Lenda:**

- X Requírese o cumprimento pleno do acto regulamentario; débese expedir o certificado de homologación de tipo CE.
- A Non se permite ningunha exención, excepto as especificadas no acto regulamentario. Non se requiren certificado de homologación nin a marca de homologación. Un servizo técnico notificado deberá establecer actas de ensaio.
- B Débense cumprir as prescricións técnicas do acto regulamentario. Os ensaios establecidos no acto regulamentario deberanse realizar na súa totalidade; logo de acordo do organismo competente en materia de homologación, poderaos realizar o propio fabricante; tamén pode recibir autorización para expedir o informe técnico; non é necesario expedir un certificado de homologación de tipo.
- C O fabricante debe demostrar de maneira satisfactoria para a autoridade de homologación que se cumpren os requisitos xerais do acto regulamentario.
- H Poderase aceptar como alternativa e logo de autorización do centro directivo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio competente en materia de seguridade industrial, un informe favorable do servizo técnico en que se avalíen as discrepancias coa regulamentación que se menciona nas columnas 1 e 4 do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.
- N/A Este acto normativo non é aplicable (ningún requisito).
- RXV Regulamento xeral de vehículos.

(\*) En calquera caso, cumprírase coas últimas modificacións en vigor das referencias normativas.

(1) Subconxunto electrónico.

(2) Compoñente, UTI (unidade técnica independente).

(3) Vehículo.

(4) Prescricións de instalación.

(5) No caso de vehículos singulares dos cales só se fabrique unha unidade, a autoridade de homologación poderá eximir dalgún dos actos regulamentarios exixidos coa condición de que o fabricante poida demostrar de maneira satisfactoria que se cumpren os requisitos regulamentarios aplicables.

(6) Todos os sistemas, compoñentes, subconxuntos electrónicos e **unidades técnicas independentes deberán dispoñer da súa homologación CEPE/ONU ou equivalente.**

## ANEXO IX

### Homologación nacional de tipo de vehículos

#### Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de remolques especiais

(Inclúe: homologación nacional de tipo, serie curta nacional e homologación individual)

#### Índice

- |            |  |
|------------|--|
| Apéndice 1 | Xeneralidades.   |
|            | Parte I Definición segundo categorías de: tipo e variante  |
|            | Parte II Modelos de números de homologación.   |
| Apéndice 2 | Homologación nacional de tipo.   |
|            | Parte I Campo de aplicación.   |
|            | Parte II Ficha de características.   |
|            | Parte III Modelos de fichas reducidas.   |
|            | Parte IV Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas.                                      |
| Apéndice 3 | Serie curta nacional (non aplicable).  |
| Apéndice 4 | Homologación individual.   |
|            | Parte I Campo de aplicación.   |
|            | Parte II Modelos de fichas reducidas   |
|            | Parte III Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas.                                     |
| Apéndice 5 | Lista de requisitos exixidos para a homologación nacional de tipo e homologación individual do vehículo, as súas partes e pezas. |



## APÉNDICE 1

### Xeneralidades

#### PARTE I

#### DEFINICIÓN SEGUNDO CATEGORÍAS DE: TIPO E VARIANTE

##### 1. TIPO

Os remolques que poden ser postos en servizo baixo a mesma denominación e recibir, por tanto, o mesmo número de homologación de tipo, deberán:

- Ser fabricados polo mesmo fabricante, aínda que non necesariamente na mesma fábrica.
- Pertencer a unha das categorías que a continuación se indican:

**Categoría R1:** remolques en que a suma das masas tecnicamente admisibles por eixe é superior a 750 kg e inferior ou igual a 3000 kg.

**Categoría R2:** remolques en que a suma das masas tecnicamente admisibles por eixe é superior a 3000 kg e inferior ou igual a 6000 kg.

**Categoría R3:** remolques en que a suma das masas tecnicamente admisibles por eixe é superior a 6000 kg e inferior ou igual a 10000 kg.

**Categoría R4:** remolques en que a suma das masas tecnicamente admisibles por eixe é superior a 10000 kg.

- Características esenciais de fabricación e deseño.
- Bastidor-viga/bastidor con traveseiros/bastidor articulado (diferenzas evidentes e fundamentais).
- Eixes (número) e configuración (eixes centrados/separados/semirremolques).

##### 2. VARIANTE

Remolques que, sen se diferenciaren entre si en canto ás características de construción esenciais, presentan as mesmas diferenzas con relación ao modelo de base no que concirne ás seguintes características:

- Pertencer ao mesmo xénero de remolque.
- Distancia entre eixes e distancia entre eixes e punto de enganche para remolques de eixes centrais ou semirremolques
- Eixes de dirección (número, situación e interconexión)
- MMTA
- Eixes con freos (número).

## PARTE II

### MODELOS DE NÚMEROS DE HOMOLOGACIÓN

#### Homologación de tipo completa:

RA-xxxx\*xx

Constará das letras RA seguidas dun número de catro cifras que indicará o número de homologación, máis un número de dúas cifras que indicará o número de extensión.

#### Homologación individual:

HIRA-xxxxx

Constará dos caracteres HIRA seguidos dun número de catro cifras que indicará o número de homologación individual.

## APÉNDICE 2

### Homologación nacional de tipo

#### PARTE I

#### CAMPO DE APLICACIÓN

O campo de aplicación esténdese aos novos tipos de remolques segundo se definen na Directiva 2003/37/CE para efectuar traballos agrícolas, forestais e de obras e/ou servizos, remolcados por un tractor que teña o mesmo destino.

A relación entre a masa tecnicamente admisible e a masa en baleiro deste vehículo sexa superior ou igual a 3,0 e o vehículo non estea concibido para o tratamento de materias.

#### PARTE II

#### FICHA DE CARACTERÍSTICAS

Se procede achegar a información que figura a continuación, presentarse por soporte adecuado (papel ou informático) e irá acompañada dunha lista dos elementos incluídos. Os planos, se é o caso, presentaranse á escala adecuada, suficientemente detallados e en formato A4 ou dobrados para que se axusten a este formato. As fotografías, se as houber, serán suficientemente detalladas.

Epígrafe	Ficha de características. Remolque especial
<b>0.</b>	<b>XENERALIDADES</b>
0.1	Marca
0.2	Identificación
0.2.1	Tipo
0.2.2	Variantes
0.2.3	Denominación comercial
0.3	Clasificación (1): agrícola/obras/servizos
0.3.1	Xénero (2) (aplicación explícita a cada variante)
0.4	Nome e enderezo do fabricante
0.5	Se é o caso, nome e enderezo do representante do fabricante
0.6	Localización e modo de colocación das placas e inscricións regulamentarias
0.6.1	Localización da placa do fabricante (3)
0.6.2	Localización do número de identificación do remolque (4)
<b>1.</b>	<b>CONSTITUCIÓN XERAL DO REMOLQUE</b> (Xuntar fotografías, unha $\frac{3}{4}$ diante e outra $\frac{3}{4}$ detrás, no seu lado oposto, así como un esquema con cotas do seu conxunto)
1.1	Número de eixes e de rodas
1.1.1	Número de eixes con rodas xemelgas ou tándem (se é o caso)
1.2	Bastidor con esquema descritivo do conxunto e identificación daqueles elementos que interveñen na resistencia estrutural
1.3	Material dos traveseiros
<b>2.</b>	<b>DIMENSIÓNS E MASAS (en mm e kg) (5)</b>
2.1	Distancia entre eixes

Epígrafe	Ficha de características. Remolque especial
2.1.1	Para remolques de eixes centrais ou semirremolques: distancia entre o centro do anel de enganche e o eixe (nos de eixe tándem considerar o centro do tándem como referencia para esta medida)
2.2	Vía de cada eixe
2.3	Medidas máximas exteriores
2.3.1	Lonxitude (incluído o cabezallo)
2.3.2	Largura
2.3.3	Altura en baleiro do piso (sen suplementos discrecionais) (6)
2.3.4	Sáinte dianteiro (max./min.)
2.3.5	Sáinte traseiro (max./min.)
2.3.6	Altura libre sobre o chan (cargado pola MM tecnicamente admisible)
2.4	Tara (7)
2.4.1	Repartición desta masa entre os eixes (remolques de varios eixes)
2.4.2	Repartición desta masa entre o eixe e o punto de enganche ao tractor (remolque dun eixe)
2.5	Masa máxima en carga tecnicamente admisible declarada polo fabricante.
2.5.1	Repartición desta masa entre os eixes (remolques de varios eixes).
2.5.2	Repartición desta masa entre o eixe e o punto de enganche ao tractor (remolque dun eixe).
2.6	Masa máxima tecnicamente admisible, declarada polo fabricante sobre cada un dos eixes (remolques de varios eixes), ou entre o eixe e o punto de enganche ao tractor (remolques dun eixe).
2.7	Masa máxima autorizada (MMA)
<b>3.</b>	<b>ÓRGANOS DE SUSPENSIÓN</b> (Xuntar esquema descritivo do conxunto dos órganos da suspensión)
3.1	Pneumáticos (8)
3.1.1	Número
3.1.2	Dimensións
3.1.3	Índice mínimo de carga

Epígrafe	Ficha de características. Remolque especial
3.1.4	Índice mínimo de velocidade
3.2	Constitución da suspensión de cada eixe ou roda
3.3	Características dos elementos elásticos da suspensión (natureza, materiais e medidas).
3.4	Apoios dianteiros
<b>4.</b>	<b>DISPOSITIVO DE DIRECCIÓN</b> (Xuntar esquema descritivo)
<b>5.</b>	<b>DISPOSITIVO DE FREADA</b> (Xuntar esquema(s) descritivo(s) do conxunto e esquema(s) de funcionamento)
<b>6.</b>	<b>CARROZARÍA</b> (Xuntar esquema de conxunto con cotas do exterior)
6.1	Natureza da carrozaría
6.2	Materiais e modo de construción
6.3	Teitos solares e laterais (número, sentido de apertura, peches e bisagras)
6.4	Recubrimento das rodas
6.5	Localización e montaxe da(s) placa(s) de matrícula traseiras(s)
<b>7.</b>	<b>DISPOSITIVOS DE ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN LUMINOSA</b> (Xuntar esquema exterior do remolque coa localización con cotas da súa instalación)
7.1	Dispositivos obrigatorios (número, cor e marca de homologación)
7.2	Dispositivos facultativos (número, cor e marca de homologación)
<b>8.</b>	<b>UNIÓN ENTRE TRACTOR E REMOLQUE OU SEMIRREMOLQUE</b>
8.1	Acoplamento mecánico (enganche) (9)

Epígrafe	Ficha de características. Remolque especial
8.1.1	Tipo de enganche
8.1.1.1	Medidas
8.1.1.2	Material
8.1.1.3	Cargas máximas tecnicamente admisibles declaradas polo fabricante
	- Vertical - De arrastre (incluída a rosca de unión ao cabezal, se é o caso)
8.1.2	Cabezal do remolque
8.1.2.1	Medidas
8.1.2.2	Material
8.1.2.3	Carga de arrastre máxima tecnicamente admisible declarada polo fabricante: - Vertical - De arrastre (incluída a rosca de unión ao cabezal, se é o caso)
8.2	Acoplamentos hidráulicos (se é o caso). (Descrición e características. Presión de servizo e de seguridade.)
8.2.1	Toma de potencia hidráulica
8.2.2	Conexión para o freo de servizo hidráulico
8.2.3	Conexión para o freo pneumático
8.3	Acoplamento eléctrico (10)
8.3.1	Toma de corrente para alimentación dos dispositivos de iluminación e sinalización luminosa.
<b>9.</b>	<b>VARIOS</b>

## Notas explicativas

- (1) Rísquese o que non proceda
  - (2) UNE 68051
  - (3) UNE 68063 (\*)
  - (4) UNE 68064 (\*)
  - (5) UNE 26192
  - (6) UNE 68065 (\*)
  - (7) UNE 26086
  - (8) UNE 68030
  - (9) Mentres non se desenvolvan as normas UNE aplicables na súa última modificación poderanse aceptar as normas ISO desenvolvidas ou equivalentes na súa última versión para o cumprimento do apéndice 5.
  - (10) UNE 26170
- (\*) Mentres non sexan desenvolvidas as actualizacións das normas UNE non poderán ser utilizadas. Ver apéndice 5.

En calquera caso, cumprírase coas últimas modificacións en vigor das referencias normativas.

## PARTE III

## Modelos de fichas reducidas

<b>Ficha reducida. Remolque especial</b>
Número de homologación
Marca
Identificación
Tipo
Variante
Denominación comercial (marca e modelo)
N.º de identificación
Clasificación (1): agrícola/obras/servizos
Xénero
Localización da placa do fabricante
Localización do número de identificación do remolque
<b>DIMENSIÓNS E MASAS</b>
Distancia entre eixes ou entre eixes e anel de enganche para remolques dun só eixe
Vías en cada eixe
Lonxitude máxima
Lonxitude de caixa
Largura total
Altura do piso
Altura total
Saínte traseiro
Altura libre
Tara
Masa máxima tecnicamente admisible



<b>Ficha reducida. Remolque especial</b>
No punto de enganche
No primeiro eixe
No segundo eixe
Masa máxima autorizada (MMA)
<b>PNEUMÁTICOS</b>
Número
Dimensións
Índice mínimo de carga
Índice mínimo de velocidade
Apoios dianteiros
<b>FREADA</b>
De servizo
De estacionamento
Freada automática en caso de rotura de enganche
<b>DISPOSITIVOS DE ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN LUMINOSA</b>
Dispositivos obrigatorios/facultativos
<b>ACOPLAMENTO ENTRE TRACTOR E REMOLQUE</b>
Mecánico
Hidráulico
Pneumático
Eléctrico
<b>Fabricante</b>
<b>Representante do fabricante</b>
<b>Data</b>
<b>Observacións</b>

Notas explicativas: (1) Rísquese o que non proceda

## PARTE IV

### Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas.

Números de homologación dos actos regulamentarios.

Asunto	Número de homologación	Variantes

### Apéndice 4

#### Homologación individual

##### Parte I

#### Campo de aplicación

O campo de aplicación deste apéndice esténdese ás categorías de vehículos segundo se definen na parte I do apéndice 2 deste anexo.

A definición de tipo de vehículos, así como os modelos de números de homologación, serán os establecidos no apéndice 1 deste anexo.

##### Parte II

#### Modelo de ficha reducida

Os modelos de fichas reducidas son os establecidos na parte III do apéndice 2.

##### Parte III

### Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas.

Seguirase o formato definido no apéndice 2, parte V. Aplicaranse os requisitos establecidos no apéndice 5.

## Apéndice 5

**Lista de requisitos exixidos para a homologación nacional de tipo e homologación individual do vehículo, as súas partes e as súas pezas**

N.º	Asunto	Número de directiva (*)	Homologación nacional (H)	Homologación individual (H)
	Masa máxima en carga	74/151/CEE (I)	C (RXV)	C (RXV)
	Placas traseiras de matrícula	74/151 CEE (II)	C (RXV) (7)	C (RXV)
	Freada	76/432/CEE 71/320/CEE R13	C (RXV) (7)	C (RXV)
	Instalación de dispositivos de iluminación e sinalización luminosa	78/933/CEE	C (2) (6) (RXV) C (4) (6) (RXV)	C(2) (6) (RXV) C (4) (6) (RXV)
	Dimensións e masas remolcables	89/173/CEE (I) 97/27/CEE	C	C
	Acoplamentos mecánicos	89/173/CEE (IV)	C (2)(6)(8) C (4)(6)(8)	C (2)(6) C (4)(6)
	Placa de fabricante	89/173/CEE (V) 76/114/CEE	C (7)	C
	Acoplamento de freos para remolques	89/173/CEE (VI)	C	C

**Lenda:**

- X Requírese o cumprimento pleno do acto regulamentario; débese expedir o certificado de homologación de tipo CE.
- A Non se permite ningunha exención, excepto as especificadas no acto regulamentario. Non se require o certificado de homologación nin a marca de homologación. Un servizo técnico notificado deberá establecer actas de ensaio.
- B Débense cumprir as prescricións técnicas do acto regulamentario. Os ensaios establecidos no acto regulamentario deberanse realizar na súa totalidade; logo de acordo do organismo competente en materia de homologación, poderaos realizar o propio fabricante; tamén pode recibir autorización para expedir o informe técnico; non é necesario expedir un certificado de homologación de tipo.

C O fabricante debe demostrar de maneira satisfactoria para a autoridade de homologación que se cumpren os requisitos xerais do acto regulamentario.

H Poderase aceptar como alternativa e logo de autorización do centro directivo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio competente en materia de seguridade industrial, un informe favorable do servizo técnico en que se avalíen as discrepancias coa regulamentación que se menciona nas columnas 1 e 4 do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

N/A Este acto normativo non é aplicable (ningún requisito)

RXV Regulamento xeral de vehículos

(\*) En calquera caso, cumprírase coas últimas modificacións en vigor das referencias normativas.

(1) Subconxunto electrónico.

(2) Compoñente, UTI (unidade técnica independente).

(3) Vehículo.

(4) Prescricións de instalación

(5) No caso de vehículos singulares dos cales só se fabrique unha unidade, a autoridade de homologación poderá eximir dalgún dos actos regulamentarios exixidos coa condición de que o fabricante poida demostrar de maneira satisfactoria que se cumpren os requisitos regulamentarios aplicables.

(6) Todos os sistemas, compoñentes, subconxuntos electrónicos e unidades técnicas independentes deberán dispoñer da súa homologación CEPE/ONU ou equivalente.

(7) Nestas exixencias admitirase unha certificación que inclúa o cumprimento de ensaios realizados segundo normas UNE aplicables.

(8) Nestas exixencias admitirase unha certificación que inclúa o cumprimento con ensaios realizados, se é o caso, segundo normas UNE, normas ISO ou equivalentes na súa última versión ou Directiva 94/20/CE.

## ANEXO X

### Homologación nacional de tipo de vehículos

#### Anexo técnico sobre homologación de tipo nacional de máquinas remolcadas

(Inclúe: homologación nacional de tipo, serie curta nacional e homologación individual)

#### Índice

- Apéndice 1 Xeneralidades.
  - Parte I Definición segundo categorías de: tipo, variante e versión
  - Parte II Modelos de número de homologación.
- Apéndice 2 Homologación nacional de tipo.
  - Parte I Campo de aplicación.
  - Parte II Ficha de características.
  - Parte III Modelos de fichas reducidas.
  - Parte IV Matriz das diferentes combinacións de tipo/variante/versión (TVV)
  - Parte V Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas.
- Apéndice 3 Serie curta nacional (non aplicable).
- Apéndice 4 Homologación individual.
  - Parte I Campo de aplicación.
  - Parte II Modelos de fichas reducidas.
  - Parte III Lista de actos regulamentarios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas.
- Apéndice 5 Lista de requisitos exixidos para a homologación nacional de tipo e homologación individual do vehículo, as súas partes e pezas.

## APÉNDICE 1

### Xeneralidades

#### PARTE I

#### DEFINICIÓN SEGUNDO CATEGORÍAS DE: TIPO, VARIANTE E VERSIÓN

##### TIPO

As máquinas remolcadas que poden ser postas en servizo baixo a mesma denominación e recibir, por tanto, o mesmo número de homologación de tipo, deberán:

- Ser fabricadas polo mesmo fabricante, aínda que non necesariamente na mesma fábrica.
- Pertencer ao mesmo xénero de máquina
- Pertencer a unha das categorías que a continuación se indican:

**Categoría S1:** máquinas remolcadas en que a suma das masas tecnicamente admisibles por eixe é superior a 750 kg e inferior ou igual a 3000 kg.

**Categoría S2:** máquinas remolcadas en que a suma das masas tecnicamente admisibles por eixe é superior a 3000 kg e inferior ou igual a 6000 kg.

**Categoría S3:** máquinas remolcadas en que a suma das masas tecnicamente admisibles por eixe é superior a 6000 kg e inferior ou igual a 10000 kg.

**Categoría S4:** máquinas remolcadas en que a suma das masas tecnicamente admisibles por eixe é superior a 10000 kg.

- Ter o mesmo número e configuración de eixes.

##### VARIANTE

As máquinas remolcadas que, sen se diferenciaren entre si en canto ás características de construción esenciais, presentan as mesmas diferenzas con relación ao modelo de base no que concirne ás seguintes características:

- Distancia entre eixe e punto de enganche, para as máquinas dun só eixe.
- Distancia entre eixes.
- MTMA/MMA

##### VERSIÓN

Os vehículos pertencentes a unha mesma variante e que consistan nunha combinación dos elementos que figuran na ficha de características.

## PARTE II

### MODELOS DE NÚMEROS DE HOMOLOGACIÓN

#### Homologación de tipo completa:

*MAR-xxxx-xx*

*Constará das letras MAR seguidas dun número de catro cifras que indicará o número de homologación, máis un número de dúas cifras que indicará o número de extensión.*

#### Homologación individual:

HIMAR- xxxx

Constará dos caracteres HIMAR seguidos dun número de catro cifras que indicará o número de homologación individual.

## APÉNDICE 2

### Homologación nacional de tipo

#### PARTE I

#### CAMPO DE APLICACIÓN

No campo de aplicación inclúense os novos tipos de máquinas remolcadas intercambiáveis segundo se definen na Directiva 2003/37/CE para efectuar traballos agrícolas e forestais arrastrados por un vehículo tractor agrícola ou forestal e os destinados a efectuar obras e/ou servizos arrastrados por un vehículo tractor agrícola destinado a obras e servizos, máquina automotriz ou tractocarro co mesmo fin.

A relación entre a masa tecnicamente admisible e a masa en baleiro deste vehículo sexa inferior a 3,0.

## PARTE II

### FICHA DE CARACTERÍSTICAS

Se procede achegar a información que figura a continuación, presentárase por soporte adecuado (papel ou informático) e irá acompañada dunha lista dos elementos incluídos. Os planos, se é o caso, presentáranse á escala adecuada, suficientemente detallados e en formato A4 ou dobrados para que se axusten a este formato. As fotografías, se as houber, serán suficientemente detalladas.

Epígrafe	Ficha de características. Máquinas remolcadas
<b>0.</b>	<b>XENERALIDADES</b>
0.1	Marca
0.2	Identificación
0.2.1	Tipo
0.2.2	Variantes
0.2.3	Versión
0.2.4	Denominación comercial
0.3	Clasificación (1): agrícola/obras/servizos
0.3.1	Xénero (2)
0.4	Nome e enderezo do fabricante
0.5	Se é o caso, nome e enderezo do representante do fabricante
0.6	Localización e modo de colocación das placas e inscricións regulamentarias
0.6.1	Localización da placa do fabricante (3)
0.6.2	Localización do número de identificación da máquina (4)
0.7	A numeración da serie do tipo para a identificación comeza co n.º
<b>1.</b>	<b>CONSTITUCIÓN XERAL DA MÁQUINA</b> (Xuntar fotografías, unha $\frac{3}{4}$ dianteira e outra $\frac{3}{4}$ traseiras, no seu lado oposto, cun esquema con cotas do conxunto da máquina)
1.1	Número de eixes e de rodas
1.1.1	Número de eixes con rodas xemelgas ou tándem (se é o caso)
1.2	Bastidor, no caso que exista, con esquema descritivo do conxunto
<b>2.</b>	<b>DIMENSIÓNS E MASAS (en mm e kg)</b>
2.1	Distancia entre eixes
2.1.1	Para as máquinas dun eixe: distancia máxima entre o centro do punto de enganche e o eixe



Epígrafe	Ficha de características. Máquinas remolcadas
2.2	Vía de cada eixe
2.3	Medidas máximas exteriores
2.3.1	Lonxitude (incluído o cabezallo)
2.3.2	Largura
2.3.3	Altura
2.3.4	Saínte dianteiro
2.3.5	Saínte traseiro
2.3.6	Altura libre sobre o chan (5)
2.4	Tara
2.4.1	Repartición desta masa entre os eixes (máquinas de varios eixes)
2.4.2	Repartición desta masa entre o eixe e o punto de enganche ao tractor (máquinas dun eixe)
2.5	Masa máxima en carga tecnicamente admisible declarada polo fabricante
2.5.1	Repartición desta masa entre os eixes (máquinas de varios eixes)
2.5.2	Repartición desta masa entre o eixe e o punto de enganche ao tractor (máquina dun eixe)
2.6	Masa máxima tecnicamente admisible, declarada polo fabricante sobre cada un dos eixes (máquinas de varios eixes), ou entre o eixe e o punto de enganche ao tractor (máquinas dun eixe).
2.7	Masa máxima autorizada (MMA)
<b>3.</b>	<b>ÓRGANOS DE SUSPENSIÓN</b> (Xuntar esquema descritivo do conxunto dos órganos da suspensión)
3.1	Pneumáticos (serie e opcionais)
3.1.1	Número
3.1.2	Dimensións
3.1.3	Índice de capacidade de carga mínima
3.1.4	Índice de velocidade mínima
3.2	Constitución da suspensión de cada eixe ou roda (se existe)

Epígrafe	Ficha de características. Máquinas remolcadas
3.3	Características dos elementos elásticos da suspensión (natureza, materiais e medidas)
3.4	Apoios dianteiros
<b>4</b>	<b>DISPOSITIVO DE DIRECCIÓN</b> (Xuntar esquema descritivo)
<b>5</b>	<b>DISPOSITIVO DE FREADA</b> (Xunta esquema(s) descritivo(s) o conxunto e esquema(s) de funcionamento)
5.1	Freo de servizo
5.2	Freo de estacionamento
5.3	Freada automática en caso de rotura de enganche
5.4	Cálculo do(s) sistema(s) de freo
<b>6</b>	<b>CARROZARÍA</b>
6.1	Recubrimento das rodas
6.2	Localización e montaxe da(s) placa(s) de matrícula traseira(s)
<b>7</b>	<b>DISPOSITIVOS DE ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN LUMINOSA</b> (Xuntar esquema exterior da máquina coa localización con cotas da súa instalación)
7.1	Dispositivos obrigatorios (número, cor e marca de homologación)
7.2	Dispositivos facultativos (número, cor e marca de homologación)
<b>8</b>	<b>UNIÓNS ENTRE MÁQUINA E TRACTOR</b>
8.1	Acoplamento mecánico (enganche) (6)

Epígrafe	Ficha de características. Máquinas remolcadas
8.1.1	Tipo de enganche
8.1.1.1	Medidas
8.1.1.2	Material
8.1.1.3	Cargas máximas tecnicamente admisibles declaradas polo fabricante - Vertical - De arrastre (incluída a rosca de unión ao cabezal, se é o caso)
8.1.2	Cabezallo do remolque
8.1.2.1	Medidas
8.1.2.2	Material
8.1.2.3	Carga de arrastre máxima tecnicamente admisible declarada polo fabricante: - Vertical - De arrastre (incluída a rosca de unión ao anel ou boca de enganche, se é o caso)
8.2	Acoplamentos hidráulicos (se é o caso). Descrición e características. Presión de traballo e máxima .
8.2.1	Toma de potencia hidráulica
8.2.2	Conexión para o freo de servizo hidráulico
8.3	Acoplamento pneumático
8.4	Acoplamento eléctrico
8.4.1	Toma de corrente para alimentación dos dispositivos de iluminación e sinalización luminosa (7)
9.	<b>VARIOS</b>

#### Notas explicativas

- (1) Rísquese o que proceda
- (2) UNE 68051
- (3) UNE 68063 (\*)
- (4) UNE 68064 (\*)
- (5) UNE 68065 (\*)

- (6) Mentres non se desenvolvan as normas UNE aplicables na súa última modificación, poderanse aceptar as normas ISO desenvolvidas ou equivalentes na súa última versión para o cumprimento do apéndice 5.
- (7) UNE 26170
- (\*) Mentres non sexan desenvolvidas as actualizacións das normas UNE, non poderán ser utilizadas. Ver apéndice 5.

En calquera caso, cumprírase coas últimas modificacións en vigor das referencias normativas.

## PARTE III

## Modelos de fichas reducidas

<b>Ficha reducida. Máquina remolcada</b>
Número de homologación
Marca
Identificación
Tipo
Variantes
Versións
Denominación comercial
Clasificación (1): agrícola/obras/servizos
Xénero
Localización da placa do fabricante
Localización do n.º de identificación
<b>DIMENSIÓNS E MASAS</b>
Distancia entre eixes
Para as máquinas dun eixe: distancia máxima entre o centro do punto de enganche e o eixe
Vía de cada eixe
Lonxitude (incluído cabezallo)
Largura total
Saínte traseiro
Altura
Tara
Masa máxima tecnicamente admisible
No punto de enganche
No primeiro eixe

<b>Ficha reducida. Máquina remolcada</b>
No segundo eixe
Masa máxima autorizada (MMA)
<b>PNEUMÁTICOS</b>
Número
Dimensións
Índice mínimo de carga
Índice mínimo de velocidade
Apoios dianteiros
<b>DISPOSITIVO DE DIRECCIÓN (XUNTAR ESQUEMA DESCRIPTIVO)</b>
<b>FREADA</b>
De servizo
De estacionamento
Freada automática en caso de rotura de enganche
<b>DISPOSITIVOS DE ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN LUMINOSA</b>
Dispositivos obrigatorios/facultativos
<b>ACOPLAMENTO ENTRE TRACTOR E MÁQUINA REMOLCADA</b>
Mecánico
Hidráulico
Pneumático
Eléctrico
<b>Fabricante</b>
<b>Representante do fabricante</b>
<b>Data</b>
<b>Observacións</b>

Notas explicativas (1) Rísquese o que proceda

## PARTE IV

### Matriz das diferentes combinacións de tipo/variante/versión (TVV)

Cadro que mostra as combinacións autorizadas nas diferentes versións de vehículos das epígrafes da parte I que teñen varias subepígrafes. Para estes elementos utilizarase neste cadro unha letra prefixo que indicará que concepto ou conceptos dun elemento concreto son aplicables a unha versión determinada.

Cubrirase un cadro por cada variante dentro dun tipo.

Os conceptos múltiples que se poden combinar sen restricións dentro dunha variante enumeraranse na columna denominada «Todas as versións».

Número de elemento	Todas as versións	Versión 1	Versión 2	etc.	Versión n

Poderanse presentar estes datos doutra maneira sempre que se alcance o obxectivo inicial.

Cada variante e cada versión deberanse identificar mediante un código numérico ou alfanumérico que se deberá indicar tamén na tarxeta ITV do vehículo de que se trate.

## PARTE V

### Lista de actos regulatorios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas.

Números de homologación dos actos regulatorios

Asunto	Número de homologación	Variantes/versións

## APÉNDICE 4

### Homologación individual

#### Parte I

#### Campo de aplicación

O campo de aplicación deste apéndice esténdese ás categorías de vehículos segundo se definen na parte I do apéndice 2 deste anexo.

A definición de tipo de vehículos, así como os modelos de números de homologación, serán os establecidos no apéndice 1 deste anexo.

#### Parte II

#### Modelo de ficha reducida

Os modelos de fichas reducidas son os establecidos na parte III do apéndice 2.

#### Parte III

### Lista de actos regulatorios concedidos para o vehículo, as súas partes e pezas

Seguirase o formato definido no apéndice 2, parte V. Aplicaranse os requisitos establecidos no apéndice 5.



## APÉNDICE 5

Lista de requisitos exixidos para a homologación nacional de tipo e homologación individual do vehículo, as súas partes e pezas

N.º	Asunto	Número de directiva (*)	Homologación nacional (H)	Homologación individual (H)
	Masa máxima en carga	74/151/CEE (I)	C (RXV)	C (RXV)
	Placas traseiras de matrícula	74/151 CEE (II)	C (RXV) (7)	C (RXV)
	Freada	76/432/CEE 71/320/CEE R13	C (RXV)	C (RXV)
	Instalación de dispositivos de iluminación e sinalización luminosa	78/933/CEE	C (2) (6)(RXV) C (4) (6) (RXV)	C (2) (6)(RXV) C(4) (6) (RXV)
	Dimensións e masas remolcables	89/173/CEE (I) 97/27/CEE	C	C
	Acoplamentos mecánicos	89/173/CEE (IV)	C (2)(6)(8) C (4)(6) (8)	C (2)(6) C (4)(6)
	Placa de fabricante	89/173/CEE (V) 76/114/CEE	C (7)	C
	Acoplamento de freos para remolques	89/173/CEE (VI)	C	C

**Lenda:**

- X Requírese o cumprimento pleno do acto regulamentario; débese expedir o certificado de homologación de tipo CE.
- A Non se permite ningunha exención, excepto as especificadas no acto regulamentario. Non se require o certificado de homologación nin a marca de homologación. Un servizo técnico notificado deberá establecer actas de ensaio.

- B Débense cumprir as prescricións técnicas do acto regulamentario. Os ensaios establecidos no acto regulamentario deberanse realizar na súa totalidade; logo de acordo do organismo competente en materia de homologación, poderaos realizar o propio fabricante; tamén pode recibir autorización para expedir o informe técnico; non é necesario expedir un certificado de homologación de tipo.
- C O fabricante debe demostrar de maneira satisfactoria para a autoridade de homologación que se cumpren os requisitos xerais do acto regulamentario.
- H Poderase aceptar como alternativa e logo de autorización do centro directivo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio competente en materia de seguridade industrial, un informe favorable do servizo técnico en que se avalíen as discrepancias coa regulamentación que se menciona nas columnas 1 e 4 do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

N/A Este acto normativo non é aplicable (ningún requisito)

RXV Regulamento xeral de vehículos

- (\*) En calquera caso, cumprírase coas últimas modificacións en vigor das referencias normativas.
- (1) Subconxunto electrónico.
  - (2) Compoñente, UTI (unidade técnica independente).
  - (3) Vehículo.
  - (4) Prescricións de instalación
  - (5) No caso de vehículos singulares dos cales só se fabrique unha unidade, a autoridade de homologación poderá eximir dalgún dos actos regulamentarios exixidos coa condición de que o fabricante poida demostrar de maneira satisfactoria que se cumpren os requisitos regulamentarios aplicables.
  - (6) Todos os sistemas, compoñentes, subconxuntos electrónicos e unidades técnicas independentes deberán dispoñer da súa homologación CEPE/ONU ou equivalente.
  - (7) Nestas exixencias admitírase unha certificación que inclúa o cumprimento de ensaios realizados segundo normas UNE aplicables.
  - (8) Nestas exixencias admitíranse unha certificación que inclúa o cumprimento con ensaios realizados, se é o caso, segundo normas UNE, normas ISO ou equivalentes na súa última versión ou Directiva 94/20/CE.

## ANEXO XI

**Modelo e especificacións das tarxetas de inspección técnica de vehículos (ITV)**

1. As tarxetas ITV a que se refire o artigo 12 deste real decreto serán dos seguintes tipos e poderanse emitir, á elección do seu emisor, en soporte en papel ou en soporte electrónico.
  - Tipo A, AT, AR e AL: que documentan vehículos completos ou completados.
  - Tipo B, BT, BR e BL: que documentan exclusivamente vehículos homologados de tipo completos.
  - Tipo C, CT, CR e CL: que documentan vehículos incompletos.
  - Tipo D, DT, DR e DL: que documentan exclusivamente vehículos homologados de tipo completados.
2. As tarxetas ITV terán o formato e contido dos apéndices deste anexo. A tarxeta ITV en soporte papel constará dun orixinal (para o usuario) e dúas copias para os servizos de industria da provincia en que se matricula o vehículo e para a xefatura provincial de Tráfico. No suposto dos vehículos agrícolas, terán outra copia máis para a Dirección Xeral de Producción Agraria. Na copia destinada á xefatura provincial de Tráfico aparecerá, na epígrafe de reformas no vehículo, a dilixencia de venda, que terá o seguinte formato:

D. ....DNI.....,

..... de ..... de .....

## Sinatura e selo

En caso de soporte electrónico, a Dirección Xeral de Tráfico facilitará o acceso ás súas copias electrónicas que requiran as demais autoridades competentes, así como emitirá unha copia en papel da tarxeta ITV electrónica para o adquirente do vehículo.

As tarxetas ITV incorporarán no espazo reservado para tal efecto, en código pdf 417, o contido dos datos técnicos do vehículo. Cada vez que se modifiquen ou incorporen datos á tarxeta ITV, poderanse engadir novos códigos pdf que recollan os datos engadidos.

3. As tarxetas ITV cubriranse de acordo coas instrucións que se inclúen no anexo 12.

4. Especificacións técnicas do papel e letras.

- 4.1. Dimensións.

Tarxetas ITV: UNE A4 (210 x 297 mm)

- 4.2. Especificacións técnicas.

A.- Gramaxe: 100 g/m<sup>2</sup>

B.- Man: 1,3 cm<sup>3</sup>/g

C.- Humidade absoluta: 5%

D.- Índice Cobb 60: <\_ 28

E.- Porosidade Bendtsen: ml/min <1700

F.- Brancura (Elrepho): CIE 160

G.- Opacidade: 95%

H.- Lisura Bendtsen (cara tea/cara feltro). Ml/min: 350/250

I.- Lonxitude rotura (lonxitudinal): > 4000

X.- Lonxitude rotura (transversal): < 2500

K.- Índice de rachadura (lonx./transv.): 55/65

Todas as tarxetas estarán impresas e con fondo en tinta azul, coas súas correspondentes porcentaxes de intensidade.

- 4.3. As tarxetas ITV estarán elaboradas de maneira que se impidan as falsificacións. Para tal fin o papel en que se imprima disporá dunha protección consistente en gráficos coloreados ou nunha marca de auga.
- 4.4. As especificacións técnicas do papel e letras para a copia papel das tarxetas ITV emitidas en formato electrónico determinaranse na correspondente norma que publique a Dirección Xeral de Tráfico.

Nome e anagrama da comunidade autónoma

Matricula		Certificado n.º	A. N.º de serie:		Código	Descripción	Código	Descripción
			Z		L			
			G		L.0			
			F.1		L.1			
			F.1.1		L.2			
			F.1.5		P.5.1			
CL			F.2		P.5			
A.1			F.2.1		P.3			
A.2			F.3		P.1			
B.1			F.3.1		P.1.1			
B.2			O.1		P.2			
D.1			O.1.1		P.2.1			
D.2			O.1.2		S.1			
D.3			O.1.3		S.2			
E			O.1.4		U.1			
J			F.4		U.2			
J.1			F.5		V.7			
J.2			F.6		V.9			
J.3			F.7					
R			F.7.1					
D.6			F.8					
K			M.1					
K.1			M.4					
K.2								
<b>O organismo inspector</b>			<b>Observacións:</b>		<b>Opcións incluídas na homologación de tipo</b>			
Certifica que o vehículo cuxas características se citan é apto para a súa matriculación ou posta en circulación.								
Data de emisión:								

(1) Espazo para os códigos PDF 417 dos datos do documento

















Nome e anagrama do fabricante

Matrícula		Certificado n.º	C N.º de serie:		Opciones incluídas na homologación de tipo	
